



R

ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA

ACTAS DO VI ENCONTRO DE NOVOS ESCRITORES/AS

# Da tinta á pegada dixital



# **Da tinta á pegada dixital**

Actas do VI Encontro de novos escritores/as

Consello Directivo da AELG    Presidencia Cesáreo Sánchez  
Vicepresidencia Antía Otero  
Secretaría xeral Mercedes Queixas  
Tesouraría Marta Dacosta  
Vicesouraría Eduardo Estévez  
Vogalía de Lugo Isidro Novo  
Vogalía de Pontevedra Elvira Riveiro  
Vogalía de Vigo Rexina Vega  
Vogalía de Santiago de Compostela Carlos Negro  
Vogalía de Relacións coa Lusofonía Carlos Quiroga  
Vogalía de Relacións Internacionais Xavier Queipo  
Vogalía de Literatura de Tradición Oral Antonio Reigosa

Secretaría económica e técnica    Ana M. Carril e Ernesto E. Calo  
Revisión lingüística    Ernesto E. Calo

Edita    Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)  
[www.aelg.org](http://www.aelg.org) / [oficina@aelg.org](mailto:oficina@aelg.org)  
<http://letrasnovas6.blogaliza.org/>

Deseño da capa    Imago Mundi Deseño

Maquetación    Gráficas Mera

D. L.    VG-1293-2005

ISSN    1989-7340

©Dos respectivos autores/as  
©Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega  
A Coruña, decembro de 2011

Esta edición contou co patrocinio da Deputación Provincial da Coruña.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos/as titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra: [www.conlicencia.com](http://www.conlicencia.com), 91 702 19 70 / 93 272 04 47.

*Videos coas intervencións e os debates en:*  
<http://letrasnovas6.blogaliza.org/>

<b>Limiar</b>	5
<b>Conferencia inaugural: As revistas na era dixital, por Tati Mancebo</b>	7
<b>Mesa 1: Crear desde a ventá</b>	13
<b>Presentación, por Antía Otero</b>	15
Estíbaliz Espinosa	17
Ana Cibeira	23
Leo F. Campos	27
<b>Mesa 2: As revista dixitais en Galiza: pasado, presente e futuro</b>	33
<b>Presentación, por Elvira Riveiro</b>	35
María Xesús Nogueira	39
Gaspar Domínguez	43
Montserrat Pena Presas	51



## Limiar

En cada tempo cada xeración ou grupo literario ou grupo de afinidades literarias fixou en revistas e publicacións periódicas —ás veces de tan só un ou dous números, publicacións de vidas efémeras—, o seu ideario estético, o seu pensamento literario.

A lingua galega e os temas de literatura galega e os seus autores son minoritarios nos suplementos actuais de cultura dos medios maioritariamente escritos en español. Sen esquecermos a desaparición de xornais en galego ou outros con espazos importantes para o galego, e con especial atención á nosa cultura e á nosa literatura.

Xa desde hai anos notamos que falta una publicación destas características pois os autores e autoras, cos seus cadernos, cos seus blogs e páxinas web, foron establecendo a súa relación dialéctica coa sociedade en xeral e cos máis próximos e afíns en particular. Mais á hora de crear revistas dixitais quixemos reflexionar sobre elas e que os máis novos e novas as debateran. Dalgún xeito este encontro naceu da necesidade de reflexionar sobre as revistas literarias de creación nas súas máis diversas formas.

Mais eu creo que o feito de reunírmonos neste encontro, transcende o feito da creación dunha necesaria revista. Significa tomar conciencia de que está a ser derrubado o traballo dos últimos trinta anos e que, reunírmonos para seguir a construír futuro, é algo no que nos axudará a todas e todos no noso vivir en galego, como cultura, como literatura, como idioma.

Así, situámonos arredor da palabra para escoitarmos todos os vosos proxectos ou ideas sobre as novas linguaxes, tecnoloxías, pegadas dixitais, que estes novos tempos poñen nas nosas mans para dialogar, para comunicármonos con elas. E sobre elas.

Sexa cal for a linguaxe nos novos tempos, sexa cal for a relación interxeneracional, non esquezades —permitídeme— que alén da opción persoal de cada un de nós (sexa estética ou de concreción ética do ideario), somos fillos dunha terra e dun tempo concretos que necesitan da vosa obra, do voso pensamento creador. E, como non, da vosa intervención na sociedade nosa.

*Cesáreo Sánchez Iglesias,  
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega*



# Conferencia inaugural

As revistas na era dixital,  
por Tati Mancebo







Tati Mancebo

## As revistas na era dixital

No comezo as revistas eran de papel. O número de páxinas que albergaban dependía entre outras cousas da cantidade de contidos e, en moitos casos, da publicidade que incluía por entrega. Mais a comezos dos anos noventa do século pasado, a popularización do uso do correo electrónico fixo que o novo medio pasase a utilizarse para outros propósitos alén da comunicación de noticias e do troco de materiais en bruto. Escritores e escritoras comezaron a publicar ficción e ensaio a través do correo electrónico e tamén comezaron a aparecer os primeiros boletíns e fanzines distribuídos por este medio.



Eran tempos en que lanzar e manter unha páxina web non estaba ao alcance de todo o mundo mais, malia que de modo rudimentario, o correo permitía compartir contidos cos nosos contactos, ou o que é o mesmo, publicar nunha rede pechada de usuarios que, á súa vez, poderían remitirnos comentarios e compartilos cos seus círculos de contactos. En efecto, é practicamente o mesmo que agora facemos case como respirar en Twitter, en Facebook, en Google Plus ou en Diaspora.

Nos anos noventa as editoras de publicacións científicas viron o potencial da rede para reducir custos, tempos e aumentar as súas marxes de manobra no que atinxe por exemplo á actualización de versións. Por aquel entón xa existían moitas páxinas web de universidades que ofrecían, principalmente en forma de texto, información sobre a propia universidade, convocatorias, boletíns e revistas académicas.



(Páxina web da UDC en 1997)

Si, eran graficamente moi feas, precisamente todo o contrario do papel, en que sempre se coidou este aspecto na súa factura, como sinal de identidade e gancho comercial. Eran feas pero permitían albiscar o que se podería chegar a facer nun futuro que resultou ser máis próximo do que ninguén puidera imaxinar.

As revistas dixitais eliminaron moitos dos atrancos que enfrontaban tantos proxectos, bos e malos, para saír adiante, ao mesmo tempo que forneceron outros elementos de valor: eliminaron os custos de impresión e de distribución física, así como a necesidade dunha sede física estábel para o consello de redacción, e saltaron as fronteiras xeográficas e o número de receptores potenciais. E así se multiplicaron, de tal modo que a día de hoxe podemos atopar na rede revistas literarias dependentes de xornais e de editoras, revistas académicas e outras moitas independentes. Algunhas despregan complexos xestores de contidos e outras son simples blogs. As primeiras non presentan por regra xeral un deseño necesariamente mellor que as segundas e a diferenza márcaa normalmente a calidade dos contidos. No entanto existen exemplos de revistas especialmente belas e outras especialmente áxiles na súa presentación.



### Mais, como facer unha revista literaria en 2011?

Partindo dun CMS como Wordpress, que permite a publicación de anotacións e páxinas baixo un dominio ao que podemos aplicar infinidade de estilos visuais de balde e moitos outros de pagamento, creados normalmente para fins específicos, e entre os que atoparemos múltiples propostas de deseño para publicacións on-line, en primeiro lugar deberemos definir unha serie de opcións que irán caracterizando a nosa revista.

Para a coordinación do equipo editor, e para evitar un trasfego ilimitado de correos electrónicos, será suficiente con crear un blogue privado en que os membros do equipo poidan publicar as súas propostas de contidos para os próximos números e estas poidan ser discutidas e votadas na sección correspondente de comentarios. O estilo visual P2 de Wordpress é ideal para conversas e toma de decisións de equipos. Tamén se pode utilizar un xestor de proxectos.

**1. Consello editor:** pode estar formado por unha ou por varias persoas. Dependendo da frecuencia de publicación e da natureza dos contidos da revista, será interesante que o consello estea formado por un grupo de persoas suficiente para levar a cabo todas as tarefas con puntualidade. Na ferramenta de edición e publicación da revista poden crearse tantos usuarios como membros, para que cada colaboración apareza asinada polo seu autor, ou prescindir desta característica se non se desexa publicar contidos asinados.

**2. Natureza dos contidos:** podemos partir da base de que practicamente calquera contido dunha revista literaria se pode encadrar nos epígrafes de creación, análise ou crítica e referencia.

**2.1. Creación:** unha vez seleccionados os xéneros e subxéneros en que se vai centrar a nova revista, haberá que decidir se poden publicarse unicamente contidos rematados ou considerar a posibilidade de publicar contidos en xestación, por exemplo un poemario en progreso dunha autora convidada a abrir a porta do seu obradoiro aos lectores da revista. Estes proxectos poden ter datas de inicio e de fin e pode considerarse a posibilidade de incluír os traballos rematados nunha sección de residencia virtual para autores e autoras. Os residentes poden ser, como indicaba no exemplo, convidados pola propia revista ou poderían eles mesmos solicitar un espazo ao seu abeiro para levar a cabo un proxecto de creación á vista.

**2.2. Análise e crítica:** podería ofrecerse crítica unicamente de obra publicada na revista, se esta fose unha publicación de creación literaria, ou de calquera obra tida en consideración polo consello editor. Neste último caso podería decidirse analizar exclusivamente obra dixital ou incluír tamén as publicacións en papel. Mesmo existe a posibilidade de aceptar críticos que non formen parte do consello editor, mais sempre debería explicitarse a súa condición para non inducir a confusión.

**2.3. Referencia ou recomendación:** tamén se poden ofrecer, ben diferenciadas, recomendacións do consello editor e da comunidade, así como unha selección de referencias procedentes de blogues externos.

**3. Lingua ou linguas da revista:** se imos a crear unha revista de e sobre literatura galega, é obvio que estará escrita en galego mais, de termos a posibilidade, non estaría de máis contemplar a publicación noutras linguas para que sirva tamén como vehículo de difusión da literatura galega cara a fóra. Mesmo se pode contemplar a opción de troco de traducións e colaboracións con outras revistas, co que estaremos gañando en difusión e multiplicando lectores directos ao sumar aos nosos os doutras publicacións 'amigas'.

**4. Comunicación:** Do mesmo modo que, como di Todd Sattersten, cada libro é unha *start up*, débese contar cun plan de comunicación para a revista, un para cada unha das súas áreas e un plan para cada ítem, só así conseguiremos chegar onde queremos. Para lograr que outros

medios falen da nosa revista e referencien algúns dos nosos contidos, podemos tentar o réxime de troco, como se propuxo para as traducións. Non dubidemos en pedir axuda aos nosos amigos e coñecidos e, se podemos darlles algo a cambio, aínda o farán con máis gusto e estaremos fortalecendo a comunidade. Ese algo a cambio pode ser desde libros a un convite para colaborar na nosa revista puntualmente e, sobre todo, o recoñecemento público é algo que funciona moi ben, porque satisfai vaidades e dalgún modo colabora na etiquetaxe de contidos na rede outorgando a cadaquén o que é seu.

Serán precisos, como non, perfís nas principais redes sociais, mais deberase estudar, en función do tempo que se lles poida dedicar, a actividade que e levará a cabo en consonancia cos obxectivos que se queren atinxir. Está ben arexar e difundir os nosos contidos pero lembremos que referir os contidos de terceiros que nos parecen salientábeis poden fornecernos máis novos lectores aínda que unha sucesión de ligazóns ás actualizacións da nosa revista sen máis información relevante que o consabido 'Novo artigo publicado na revista XXX'. Ademais deberemos interactuar cos nosos seguidores nas redes, preguntarlles, responderlles e comentarlles as súas propias publicacións se queremos manter unha relación real e frutífera con eles.

Por último mais non menos importante, a revista, de non ser un blogue senón un conxunto de contidos que se publican en bloque cunha periodicidade concreta, deberá ter blogue. Poderá utilizarse para facer anuncios, convocatorias, ir dando información puntual á comunidade sobre cambios e novidades, promesas e conclusións segundo se van cumprindo etapas. Os lectores do noso blogue, que poden atopar nel a excusa para visitar o sitio da revista case a diario, que poden recibilo no seu lector de *feeds* ou mesmo como *newsletter*, como tan ben lle funciona a *Papel en blanco*, son os lectores da nosa revista e, se algo hai que nos faga esquecer sitios interesantes que non deixariamos de lado voluntariamente, é a falta de actualización durante semanas e semanas.

**5. Formato:** ademais da maquetación web dos contidos, hai revistas que periodicamente ofrecen a descarga, de balde ou a cambio dunha cantidade de diñeiro, do número en curso en formato PDF; non é unha mala opción para promover a lectura *off-line*. Mais non debemos esquecer que cada vez máis usuarios utilizan o teléfono móbil e os lectores de tinta electrónica para ler, e que o PDF non é o formato de arquivo ideal para estes dispositivos, senón o EPUB a día de hoxe. O EPUB, a diferenza do PDF, non é un arquivo de medidas fixas orientado á impresión, senón un pacote pensado para que flúa con comodidade nas pantallas, sexan estas das dimensións que foren. O EPUB parece conformarse como o estándar actual de empacotado de contidos de texto e imaxes e, en breve, soportará de forma nativa tamén todo tipo de obxectos multimedia. Paga a pena facer o esforzo de maquetación en EPUB aínda que o deseño sexa moi sinxelo, coa simple pretensión de mostrar a sucesión dos contidos da revista a unha soa columna e coas ligazóns pertinentes, que nos proporcionarán novas visitas dos lectores *off-line* ao sitio da revista na rede.

Como todo proxecto cultural, unha revista literaria debe por tanto definir a súa estrutura e a natureza dos seus contidos, os seus obxectivos, escoller un formato, fixar unha frecuencia de publicación, que non debe incumprirse máis que por causa de forza maior, e organizar o traballo e o equipo de modo que se poidan optimizar os grandes esforzos dun reducido número de persoas ou os pequenos esforzos dun gran número de persoas dispostas a puxar de maneira coordinada pola difusión da literatura.

# Crear desde a ventá

## Mesa Redonda

Coordinación: **Antía Otero**

**Estíbaliz Espinosa**

**Ana Cibeira**

**Leo F. Campos**





«Crear desde a ventá» é o título desta mesa que busca facerse preguntas, atopar algunha resposta e manifestar opinións sobre o que significa crear na rede, pois *crear dende a ventá* fai referencia ao oco que se abre, á canle que nos comunica con outras fiestras, a outras miradas coas que nos comunicamos e facemos chegar as nosas creacións enganchados ao *feedback*, á acción de escoitar e ser escoitados.

Estíbaliz Espinosa, Ana Cibeira e O Leo traballan na rede dende hai anos. Teñen blogs ben persoais, ben distintos entre eles, nos que foron tecendo un universo propio ao que nos achegamos coas meniñas dilatadas.

No ...*mmmm*... de Estíbaliz podemos tinxirnos na escura enerxía da literatura do cinema, no laboratorio, na criatura mecánica, na vivisección, nos aminoácidos, nos *ciborgs*, na selección de temas musicais ela elixiu expresamente para ti...; isto no clic de [estibalices.wordpress.com](http://estibalices.wordpress.com).

Ana Cibeira recorta pezas dunha colaxe, revisa ás *guerrilla girls*, ponlle texto a fotografías, vídeos e música, coordina fanzines e encontros dende [anacibeira.blogspot.com](http://anacibeira.blogspot.com), unha ventá dende onde podemos seguila todos os que estamos en Galiza e pola que ela tamén nos olla dende Madrid.

E por último, un blog que se pronuncia con gheada e seseo...: falo do HAICÚ (hai medo) de O Leo [haicu.blogspot.com](http://haicu.blogspot.com). Unha aposta *punk*, poética, social e musical onde O Leo traballa a vida con ironía e retransca, tendo a imaxe do váter como símbolo central.

Algún destes blogs deu lugar a traballos editados dos que de seguro nos falarán a continuación, e son moitos os autores e autoras galegos que manteñen algún blog na rede (Eduardo Estévez, María Lado, Alfredo Ferreiro, Francisco Castro, Séchu Sendé, Marcos Calveiro, Olalla Cociña, Dorés Tembrás, Maite Dono, Rosa Enríquez, Fran Alonso...). Todos estes nomes son exemplo de que os blogs seguen a ser ferramentas que, malia a aparición das redes sociais, da inmediatez e da presión do directo que sobre nós dirixe a grande cantidade de información que recibimos cada día, seguen a ser empregadas como illas autoxestionadas ás que nos achegamos para contar, debater, mostrar e reflexionar.

Toda unha revolución que converte a tinta nunha pegada dixital da que son e foron protagonistas Estíbaliz, Ana e Leo. Autores vinculados ademais con outras disciplinas que, canda a escrita, fanos máis completos e ricos no seu diálogo, como son a música, os videopoemas, a colaxe ou a autoedición.

*Antía Otero, coordinadora da mesa*





## Estíbaliz Espinosa

### *Benqueridas Lovelace e Turing... Valédenos*

Veño aquí como persoa, pero non era esa a miña intención. Antía convenceume de que os meus anos non eran moitos para un Congreso de Novos Escritoras e Escritores. Así que, cunha presada de carbono 14 na man, lamento estar aquí como *homo sapiens* e non como holograma ou como cabeza parlante de *Futurama* en frasco con formol, modalidade que lle acae mellor ao meu carácter. Prefiro falar con persoas de unha en unha e, sobre todo, prefiro falar con calquera por escrito.

Internet obrigounos a todos a volver a nos dirixir a palabra por escrito, a escribirmos e reescribirmos ata a *autofellatio*, e esa literaturización das relacións, hai uns anos, pareceume unha solución (ou mellor, unha disolución) sublime.

Hai uns anos, si, cando internet se estendía como territorio apache. Sabíase que había páxinas que abordaban variados temas, desde literatura a agroxardín, desde mapas estelares a gonzo en tríos. Pero aínda esas bólas rodantes do deserto, os *estepicursores* disque lles din, cruzaban dunha marxe a outra aquelas páxinas virxes. Daba un pouco de preguiza asomar o nariz a ese deserto e só uns poucos pioneiros da tribo chamada a si mesma *sapiens* sabían de que ía.

Desde a esfera literaria, unha esfera finchada, alimentada basicamente de tinta e celulosa pero sobre todo, como case desde sempre, de costumes, relacións públicas, axendas e direccións, habilidades de mercadotecnia social ou voos en círculo ao redor de premios en metálico, escribir en internet era contemplado como un último recurso, algo así como a autoedición. E iso, se é que era contemplado como unha posibilidade literaria. Escribir no aire? Na nada? Para que. E sobre todo, quen le iso? Cal é o seu alcance? Ata onde o seu poder?

Polo parágrafo anterior deducirán que entendo que a esfera literaria, como calquera outra esfera social, se foi inflando progresivamente de clasismo e pensamento conservador, aínda que moitos dos seus integrantes se declaren de esquerdas. O clasismo é transversal. Verteбра a diferenza entre nós e os que, para a súa desgraza, non son nós. Tan vello como o noso óso caudal sen rabo. Igual de vestixial e ridículo.

*Nós estamos ben nos libros, cos nosos editores amigos, o vello coñecido que nos apunta en prensa, a clásica minitourné de presentacións, a clásica literatura que sabemos que triúnfala de antemán. Un estado de cousas un pouco apergamiñado, pero eficaz.*

A literatura leva máis dun século de dixestións pesadas: a nosa conexión algo hipertrofiada a medios de comunicación perpetua, dispositivos que nos sitúan, acompañan e escanean animicamente cada pouco, o prestixio dunha obra publicada como adorno culto no currículo... todo iso cambiou o estatus do literario: volveuno excesivo, amorfo, difícil de diseccionar para conseguir a proteína. Maleable e suxeito a poderes fácticos e enfáticos.

Foi precisamente a falta de énfase inicial dos blogues o que me atraeu cara a eles. Ninguén lle concedía excesiva importancia a escribir nun blog. Unha penduraba textos que a priori ninguén lía. Escribía, que é do que se trata, aínda que non publicaba segundo os canons. En papel talvez publiquéi cousas que non necesitaba. Creo que todos o fixemos. Mentiría se dixese que foi por unha conciencia ecolóxica que cambiei o papel polo código binario. En realidade, o motivo primixenio foron as relacións sociais inherentes á literatura: incomódanme certas triangulacións do poder, a estupidez dun presunto éxito, deprímenme o conformismo e unha elitización cutre.

Interesoume tamén ese contacto estraño con xente que apenas coñeces. Non hai moita xente que fale sobre isto, pero a min paréceme en esencia e en potencia literario: ti é unha restrita de frases intercambiando pareceres con outra restrita de frases. A túa linguaxe corporal pasa a un segundo plano e as identidades volven borrosas.

Foi a súa falta de énfase por parte de estruturas asentadas e tamén o seu entusiasmo, algo inxenuo, pero preñado dun optimismo da vontade, ao modo Gramsci. A blogosfera e todo canto cheiraba a internet irradiaba un entusiasmo fértil, convencido de estar achegando ideas xeniais, moitas das cales sen dúbida o eran, pero en calquera caso rodeadas dunha deliciosa aura —rozando o irracional— de ménade.

Tiven tempo de que me xermolase algún que outro gramo de escepticismo pero, en xeral, hoxe en día internet segue facendo colidir hadróns de ideas entusiastas con outros que inciden na súa fin, no seu deterioro ou na súa corrupción. Como observadora literaria, intento chuparlle as patas a esa enerxía como a unha nécora radioactiva.

## **BLOBSESIÓN**

Vaiamos con esa manía da nosa era, reestruturante e reordenadora: as listas. Unha lista de razóns polas que se cadra emigrei a internet:

1. Por curiosidade, como quen emigra a un espazo exterior.
2. *Dioxenizarme* no blog, que este deveña en tonel de Dióxenes. O cinismo —o quinismo como matiza P. Sloterdijk— dáse mellor á sombra da rede. Creo que internet é máis propicia á bipolaridade e ao cinismo propio dos que escriben, alén da televisión que monicrequea un pouco.
3. A rede forneceunos materia e enerxía escuras bastante fértils como conceptos literarios se cadra non tan evidentes no Mundo Real: estoume referindo ás nosas relacións persoais enmascaradas —internet como máscara ante unha máscara previa—, o anonimato, o concepto de autor, autoridade e toda esa familia corleone de palabras, a relación sadomaso da lite na tecnoloxía, as nosas paranoias científicas na literatura, por que e para que escribimos, é determinante sobre que superficie o facemos, quen é vostede, quen é eu, quen é nós e tamén, claro está, a lingua.

Nunha cidade como esta, por exemplo [A Coruña], a lingua queima máis e semella máis viva alén do pano de ceros (e uns) que en Marineda City. Aló na rede vive..., non sei de qué vive. De retranca en cru. Pero vive.

Os blogues e as redes sociais teceron nestes anos o nó común dunha marxinalidade resistente. Desaparece o xornalismo galego en papel pero non o fan os Fíos Invisibles, nin as Navallas Suízas, nin as Tintas de Lura, nin as Brétemas, nin Os Levantadores de Minas, nin os Manuais de Resistencia, nin os Bichicomas nin os Sucos. Técese un *patchwork* dixital en galego.

4. En Internet predominou, aínda que non desde as súas orixes, a testosterona. Pero antes, Ada Lovelace, a filla de Lord Byron, traballou nas primeiras máquinas analíticas e nunha protolinguaxe de programación, antes de Turing, a súa mazá e a intelixencia artificial, antes de Benjamin e o estatuto da arte que se reproduce con técnica, antes que a cibernética de Wiener.

Como medio neandertala que sangra unhas trece veces ao ano, petoume e deume a gana de meter as miñas mans de antropeide en todo iso e rascarme o cranio ante todo iso.

5. Unha muller que escribe, ademais de aparcas mal, non é *substancia follable* e se persiste nese costume tan humano noso de sermos substancias pensantes, entón definitivamente tampouco escribe ben. Por fortuna isto vai cambiando, pero aínda a boa parte dos cranios que coñecín dan asilo a ideas e prexuízos desta fasquía. Tarda tanto en cambiar de postura unha idea coma un himalaia.

Isto pode non dicirse explicitamente, pero hai máis linguaxes ademais da palabra...

Porén é a palabra, as súas permutacións e recombinacións, a súa mutación... é iso o que a min me interesa. O que nos interesa a todos, coido. Ata onde podemos chegar expresándonos? No blogue son, somos todos unha restra de palabras que intercambia pareceres con outra restra de palabras. O noso sexo pode ficar momentaneamente á marxe. Linguaxe corporal off. Non hai *literatura de muller*, esa redución ao absurdo. Hai frases escritas por quen sexa.

6. Enténdome mellor coas palabras que cos públicos e, se podo mediatizar todas as miñas relacións, mellor. Hai uns anos probei un recital a través do *skype*: puiden estar e non estar a centos de quilómetros. Un xersei e logo os pantalóns do pixama, qué marabilla.

Non me considero unha *performer*. Escribo cousas, máis nada, e salivo curiosidade por saber cara a onde tira a literatura: dende Catulo... en que novo Cthulhu mutará agora: videopoemas? Arredemo. Spoken word? Un recitado con rustrido ianqui segue sendo un recitado. Twitter? As nosas pímulas para durmir. Fragmentación e mosaico? Si, de acordo. Pero, e as longas historias, as de longo alento?

Onde o longo alento da literatura para a súa iPad, señor *sapiens*? Fragmentarase? Entrará en erupción? Intrígame.

7. Dentro do grande transvase dixital da cultura escrita que está a vivir a nosa civilización —se é que podemos chamala así—, os blogues son a punta do iceberg dunha actividade febril na rede. Un formato máis, quizais o máis semellante ao literario polo de agora, mais non o único como sabemos: os blogues transfórmanse en plataformas de exposición, en reestructuradores dunha identidade literaria, espazos tentaculares nos que se proxectan vídeos, recensións, se fai colleita de imaxes... Son un dos pratos preferidos na lenta succión dixital da que de seguido falarei.

## A LENTA SedUCIÓN DIXITAL

Eis tres titulares desta semana:

1. /os-editores-buscan-blogueiros-para-que-resenen-os-seus-libros/ <sup>1</sup>

O xornalista Marcos Pérez Pena enlaza nun *tuit* do seu twitter persoal:

2. /o-huffington-post-planea-agora-recrutar-blogueiros-menores-de-idade/ <sup>2</sup>

Estes dous titulares de prensa dixital dan conta do fenómeno de *bloguización* da literatura e o xornalismo convencionais. Os blogs comezan a ser considerados fontes de contidos valiosos. Non todos, evidentemente. Pero si fontes, fiestras —non só de creación senón tamén de reflexión e propagación— que *aínda* non se empapelaron e tupiron con papel de xornal.

3. /carta-de-maria-xose-queizan-ao-consello-municipal-da-muller-de-vigo/ <sup>3</sup>

Ou cómo un blogue — neste caso *Brétemas*— serve como plataforma de difusión dunha nova, ao xeito dun xornal.

Todo isto revélanos a nova condición dos blogs: as súas completas heteroxeneidade e heterodoxia. Como forma de creación, un blogue serviu como soporte en principio, mais tamén como panca de lanzamento de moitas outras ideas que, sen os blogs, simplemente xamais acontecerían nese famoso continuo espazo-tempo do Mundo Real noso: ideas verbo unha nova distribución, mais tamén sobre a propia concepción dun proxecto.

Así que non se pode reducir ou minimizar a posibilidade aínda en metamorfose da ferramenta *blog*. Nos seus inicios era pouco máis ca dun diario de confesións, pero hoxe? Sen menoscabo desa opción... onde metemos os blogues de creación colectiva, de crítica ou por exemplo ese blogue que derivou en revista —e hai pouco na primeira editorial así chamada xusta de occidente— como é o espazo do xornalista e escritor Hernán Casciari, *Orsai* <sup>4</sup>? Esa editorial, co seu novo concepto (50% de beneficios para o autor, prezos axustados segundo o poder adquisitivo do país onde se venda, eliminación de mediadores, avogados e representantes) considerárase con certeza inviable se se crease fóra da web. Esta, a rede —e os blogues con ela—, segue a funcionar como probeta de xestación de infinidade de proxectos, dende podcasts a videopoemas ou colectores de imaxes (tumblr <sup>5</sup>) e así hai blogues que se transforman nunha especie de revistas, con categorías, temas, números atrasados; outros en contedores de imaxes; outros, en espazos de intimidade; outros en difusores e transformadores de novas; outros en xermolo de obras futuras; outros en espazos de venda; outros en focos de resistencia... As páxinas web, mesmo as de xornais ou entidades similares —exemplo: *TED talks*— *bloguizanse*: abren o *feedback* de comentarios, poden administrarse de xeito colectivo, adoptan un aspecto próximo, fácil de usar. Coma un blog.

A lenta succión dixital dáse tamén por unha lenta sedución dixital. As novas ferramentas que creamos, tal e como aseveraba McLuhan, acaban por re-crearnos e configurarnos a nós

1. [http://noticias.lainformacion.com/arte-cultura-y-espectaculos/literatura/los-editores-buscan-blogueros-para-que-resenen-sus-libros\\_50Y1QVAaxTSHXeLuOhVBP1/](http://noticias.lainformacion.com/arte-cultura-y-espectaculos/literatura/los-editores-buscan-blogueros-para-que-resenen-sus-libros_50Y1QVAaxTSHXeLuOhVBP1/)

2. <http://www.marketingdirecto.com/actualidad/medios/el-huffington-post-planea-ahora-reclutar-blogueros-menores-de-edad/>

3. <http://bretemas.blogaliza.org/2011/09/15/carta-de-maria-xose-queizan-ao-consello-municipal-daa-muller-de-vigo/>

4. <http://orsai.es/>

5. <https://www.tumblr.com/>

pasado o tempo. O blogue e outros espazos similares fixeron agromar unha conciencia dixital e abriron a porta a outras formas de expresión e experimentación que poden funcionar ou non, pero que se levan por diante a paus ideas e canles esclerosadas sobre o modo de administrar esa musa evanescente e que tanto nos obsesiona, á que chamamos cultura.

### COLLA O SEU BLOGUE COMA UN BÚMERANG E GUÍNDEO AO HORIZONTE: NON VOLTARÁ

Antía arrebolounos un búmerang con varias cuestións: Debemos deixar atrás os blogues como rito iniciático e pasar a outras estratexias, outras formas de expresión? É posible, pero para iso os blogues terían que aceptarse como fontes literarias, descarga aínda en proceso. A nosa cultura da obsolescencia programada vai ser que mata a galiña antes de que poña o ovo e os blogues aínda teñen moito que dicir dado que se atopan en incesante proceso de morfoxénese.

Febre blogue. En certos casos, o blogue quedou como complemento vitamínico dunha obra física por imperativo da modernidade. Serve como taboleiro de anuncios, promocións, feiras. Pero quedou claro que unha obra non se sostén unicamente por un blogue e o destino considerado *natural* segue a ser publicar en papel. Isto tamén pode atoparse en proceso de cambio, dende logo, pero para iso cómpre unha tecnoloxía de *ebooks* e *libroés* máis potente e que convenza a todos e non nos deixe choscos a longo prazo.

Creo na capacidade dos blogues tamén como bases de datos, como laboratorios de textos ou como trandeira dunha obra difícil de atopar en papel. Quen non agradecería un blogue con textos de Carlos Oroza, por exemplo, ou de Eloy Tizón? É evidente que no entanto, polo menos literariamente, o dixital non substitúe o papel, pero si paseniño se converte na sombra ou quizais na aura de toda obra.

Interésanme:

1. Blogues de autor, individual ou colectivo, de contidos propios.
2. Blogues que, de se aloxaren en plataformas mediáticas, seguen cheirando a individuo e non aos intereses das devanditas plataformas mediáticas.
3. Blogues usados como campo experimental, como mecánica de identidades (blogues de identidades falsas), como serra de guerrilla dende a que resistir, como plataformas de comunicación paralela ante certos abusos mediáticos.
4. Blogues de literatura obsesiva, ciencia obsesiva, colaxes obsesivas e obsesións en xeral.
5. Blogues reflexivos, de fondo alcance.
6. Blogues nos que se ve ás claras a nosa nova obsesión cultural: a ciencia considerada dura e as aplicacións tecnolóxicas e filosóficas desa maridaxe (Humanidades+Ciencias).

Grande parte das obras literarias contemporáneas con maior índice de talento por píxel cadrado linas primeiro en internet, principalmente en blogs: funcionan pois como estimulante, broncodilatador, narcoléptico, tamén estación espacial e tamén nebulosa.

Non todo é o país das marabillas. Por suposto, como toda pulsión colectiva con certo grao de anonimato e códigos propios, a rede pode propender ao linchamento, a tribunais da santa inquisición binaria e clasismos. O meu escepticismo, ademais de pola súa forma de fagocitar as instancias de poder, deriva de aí: do clasismo entre os conectados e os non-conectados, dos que saben e os que non. Da tecnocracia.

A obra en rede ten moito de alucinación de obra colectiva, e iso fainos ben. É claramente a superación dun individualismo reseso e a libre circulación de ideas —como esas bólas do deserto, *estepicursores*— amordaza o culto ao autor. Funciona tamén como un detonador de ideas preconcebidas e, malia todo o escepticismo co que poidamos mirar moitas das súas supostas moderneces, aínda hoxe respira con entusiasmo. Creo que é un espazo entusiasta e iso dálle vida. Esa vida robótica que tanto perseguimos e que polo de agora non ten —de non ser a que lle insuflamos entre todos, clic a clic—.

## Ana Cibeira

### Crear dende a Fiestra

#### I. Querido diario

O que facemos é secreto. Nin perdón nin permiso

Gústame pensar nesta fiestra como unha boca ou un ollo que palpebrea.

Gústame saber que a xente se atopa dentro da meniña, xusto enriba da lingua. E que ás veces a porta de saída lévaos a regresar tan pálidos como viñeron do espazo exterior, e ás veces vense arrasados por unha corrente, o balbordo que hai aquí dentro...

Gústame saber que hai alguén ao outro lado, e tamén me gusta non saber moi ben como nin cando. Quen. Agás cando fago algunha *entrada* pensando nunha persoa en concreto: moitas.

Agás cando dedico tódalas forzas a codificar algo que estou vivindo pero que non quero que se entenda. Neste sentido é unha especie de literatura. Un xénero novo, no que a autocensura xoga un papel importante. Non é a mesma autocensura que cando escribes o diario e falas de túa irmá (quixeras apreixala nese instante pero non a tes diante e dáche vergonza berralo aos catro ventos), ou falas do traballo (diso que non queres que se reflecta na túa cara), diso que non sabes nin se ~~deixar~~ escribir. Non é a mesma autocensura que cando escribes un poema, coma a dun poema sucio quizais, un poema sobre algún corpo outro. Nin a de escribir ben: a de gardar baixo chave ese poema tópico, pero que tan ben senta unha tarde na que precisas dicilo desa sinxela, estúpida e operativa maneira.

Non é esa autocensura a da posibilidade de que ollos estraños e diversos, ollos coñecidos estean léndote, que palpebren dentro da túa boca a milleiros, quizais, de quilómetros. É outra. Igual de nociva, ben seguro, pero unha diferente. Está máis preto do directo dos recitais. Máis preto da presión que da preparación. De xeito indirecto nos aventura a espirmos e gozalo mentres somos incapaces de aceptalo sen escusas. Aceptar querer dicilo todo. Aceptar que a espionaxe é quizais o motivo e non un mal necesario. Que nos salva polo que produce en nós, un intenso desexo de vernos dende fóra sen recoñecernos.



Como esas cartas que debemos cubrir nunha ruptura e logo ir botalas pola rúa ao lixo; dámos por entregada esta correspondencia que é o blogue. Eu polo menos.

Persoalmente unha das cousas que máis me interesan deste diario secreto, deste catálogo de accións e pensamento é que sexa público. E considero que nin público se opón a secreto, nin segredo a unha publicación.

## II. Odiosas redes

### A orixe do mal

Está ben claro que este espazo, caderno virtual, *fiestra* branca, papel mete-medo, é colectivo. Lembrades os cadernos que pasabamos na escola para que cada nena asinara? cada unha cubríao ao seu xeito (adhesivos, colaxes, debuxos, as peores citas da historia...): pois así é isto.

Unha posibilidade de falar mal dos demais, de loar para conseguir algo, de deixar comentarios anónimos, da envexa, das ligazóns, de contestar a alguén ou ligar cunha entrada. Aínda que polo meu estes ríos de sangue de bytes non pasan, porque penso que quen chega a este blogue que naceu como páxina de autora —e por iso leva o meu nome— son amigxs, ou xente que le un poema meu ou atopa unha colaxe.

Eu abrín un *blogue* porque comecei a publicar virtualmente poemas no 2003, sobre todo na *Biblioteca Virtual Galega* da Universidade da Coruña e no *andar21*, e a comunicarme nos foros con outra xente interesada na literatura. Abrir un espazo propio, autoxestionado, afeita como estaba a calar para min, foi algo que me mantivo na escrita e me *provocou* ganas de publicar (comecei colgando textos escritos anos anteriores).

Pero tamén hai xente que ten a necesidade contraria: precisa dun personaxe afastado de si, que o protexa na anonimia.

Ser anónimas dános unha especie de liberdade impensable fóra das accións de rúa nocturnas e con pasamontañas! Por isto dá tanta carraxe cando a xente usa isto para converterse nun monstro e non para *mellorar o presente*.

Aínda que sexa unha utopía virtual (cun medo constante a que un día nos desenchufen a rede e remate esta sensación de que todo está permitido) estas transfronteirizas relacións que mantemos, si que nos uniron, déronnos ás e conformaron as nosas futuras utopías reais. Agora que todo está máis asentado, case ninguén pasa 5 horas navegando ao chou. Aínda que tampouco deixamos nunca de conectarnos: nas vacacións, á mañá co primeiro café, no metro co móbil... (isto) é verdade, pero realmente —fóra da adicción da que penso que nos poderíamos desintoxicar nunhas semanas (;D)— o verdadeiro reto é que as conversas das nosas entradas, o pulo colectivo que nos demos, unido á forza das redes sociais, levounos de volta ás rúas...: falo de Madrid, da manifestación do 15 de maio convocada pola rede por *Democracia real ya*. Falo de como seguimos dende a casa e pola rede a unhas 5 persoas <sup>6</sup> que ao principio decidiron acampar na Porta do Sol esa noite despois da multitudinaria manifestación, e de como ás cinco da mañá nos chegou a moitas tanto sms, ou por twitter (para termos os blogues preparados) a nova de que a policía estaba desaloxando ao que xa eran unhas vinte persoas —ou máis— acampadas (sentadas) no chan. A resposta dos que mordéndonos as unllas non marchamos esa noite cara a praza, foi brutal: milleiros de persoas ao día seguinte, luns, enchemos a praza protestando por unha inxustiza que se cometera tantas veces diante de fábricas: o dereito a protestar. Esta reacción non foi en absoluto allea aos fíos da rede, e por iso moitas das nosas

---

6. <http://www.youtube.com/watch?v=N0LyYtrqpl4>

páxinas —como as nosas vidas— dedicáronse e dedícanse a tentar cambiar o mundo con todas as *armas* que podemos levar da casa. A palabra unha delas, a primeira. A acción despois.

Nunca especie de enorme e concienciada *gossip girl* volveuse a rede estes días, os *twitters* (microblogues) do mundo seguen conectados a esta utopía colectiva na que as redes nos axudaron a volver crer que era posíbel (de feito mentres estamos aquí en Nova York a xente está acampando en Wall Street, e en moitas cidades a xente está ‘tomando’ as bolsas).

### III. A revolución da linguaxe

#### Todas a unha

A traba da linguaxe inclusiva:

- Como fago no meu blogue para non usar o masculino plural?

A da linguaxe simbólica, novos xeitos de aprehender a realidade e simbolizala:

- pode unha mesma *etiqueta* referirse a un mesmo concepto dous anos despois?
- ou o que «o neve e o sangue» representan hoxe é diferente ao que me suxerían hai tres invernos?

Uso responsable da mensaxe e tamén do medio!..., das necesidades do blog:

- debo liberalo proclamándoo *anticopyright*?
- rexistrareino cun ISBN (Internet Blog Serial Number) para axudar á catalogación e pescuda do meu traballo?
- loitarei a carón dos *copyfighters* reivindicando un ‘c’ contrario e esquerdo, no que elixir entre licenzas ben variadas?

Todas estas cuestións só se resolven andando o camiño, mudando de idea, caendo na mesma pedra mil veces, con distinta cara cada primavera!

Ultimamente nalgúns servidores de blogues apareceu unha censura en forma de aviso para os contidos sexualmente explícitos, pero o caso é que se presenta en blogues tan dispares como os dos colectivos transfeministas —as *medeak*, por exemplo— ou algún de poesía como o *tristeycaliente* de Berta García Faet que —alén do nome do blogue— é unha plataforma poética como a miña, así que eu me pregunto: que clase de sistema identifica certos espazos como ferintes, e comina o visitante a entrar neles baixo a súa responsabilidade? E esta a fin da liberdade (ou iso críamos que había) na rede?

### IV. Qué me queres, Amor?

#### Ritmos e desatinos

Non sei se haberá receita para gañar amigos ou inimigos. Quizais sexa a tradicional: saír na prensa, ou ser unha moderna. Xogar á carne ou ser unha iluminada. O caso é que a miña resposta está clara sobre qué ritmo adoitar nun blog: quero seguir as miñas necesidades.

Que a alguén lle suxira algo entrar aquí, é un regalo; que goce co que un amigo americano chamou *eye candy*—seica é unha expresión feita que se refire a alegrar o ollo— (toma sinestesia surrealista, que define por completo o quero amosar coa miña arte!!!), un soño. Non aburrir é o obxectivo. O que me gusta das outras páxinas, o que me chama o ollo, o que me pide ser lido, é o que eu contemplo.

Para min toda intención está relacionada coa fusión da palabra e a imaxe. Non só o meu traballo responde a esta necesidade: fago colaxe e poemas, e tento a interdisciplinabilidade en cada entrada!

E sobre este tema, quérovos confesar que quizais a ruta das colaxes non tería existido tan firme sen o blogue. E as ilustracións para o libro de Enma Pedreira, *Xoguetes Póstumos* e a portada do belo *Desobediencia* de Rosa Enríquez non terían sido sen o blogue. Eu non tería seguido se non os vise aí fóra... gústanme fóra das paredes temporais das exposicións. E preguntáredesvos: axudoume a expoñer? Si. Conectoume con outra xente? Tamén. Só a interdisciplinariedade no directo é a miña materia pendente.

## V. Un final aberto

### Deconstrución do soño

*Segue sendo necesario o directo ou é o blogue o que sobra?* Pregúntanos Antía. Para min, como vos digo, o blogue é unha obra en si mesma, e así a vivo. De feito nos últimos meses, agás algún texto concreto, escribo a diario nesa plataforma. É o meu exercicio e o meu exército. O que me enfronta e me sanda. Agora máis que nunca —que xa temos certa perspectiva do que é a experiencia da e na rede— sabemos que estas fiestras abertas son unha peza. O microblogue (twitter) e todas as redes sociais son as que comunican breve e intensamente os pensamentos, e conectan a xente. Os blogues que sobreviven (non todos, debido, penso eu, á imposibilidade de xestionar tanta virtualidade a diario) convértense nun verdadeiro ollo, boca, fiestra con vida propia. De tanto detallar, perdemos de vista o corpo ao que pertence este burato negro, porta de entrada... a un universo novo, a nosa conciencia.

## Leo F. Campos <sup>7</sup>

O meu blog feneceu pola súa propia inercia, haberá un ano e pico que deixei de subir cousas. Puxen un aviso de demolición: *Ofrécese grupo punk para reformas*. Un dos grupos máis famosos da Lisboa dos anos 90 fíxose famoso porque no seu primeiro concerto rebentaron a sala; é un aviso de demolición, un aviso do que viña despois, outra época, outra cousa.

Por outro lado, non son escritor novo, por desgraza. Lía o outro día na prensa cómo se dilúe o concepto de xuventude, como os fillos visten coma os pais e as nais como as fillas. Nese sentido si que son un peter-punk eterno porque pasei vitalmente de amar ese espazo do pupitre onde era feliz —porque eu era un chapón e alí todo era perfecto, se facías as cousas que che pedían a nota era alta e a vida era gloria—, a ser expulsado dese paraíso primixenio, e fixen por volver, aínda que fose desde o outro lado, e seguir en contacto coa adolescencia, ese momento marabilloso no que todo nos sorprende e que ten que ver co que estamos falando aquí, coa ollada, coa ventá. É curioso o feito de que ao longo da xornada foran saíndo metáforas da vida cotiá relacionadas coa ollada, co ver, co mirar; a ventá como metáfora da rede.

O blog servíume para dar-me conta de que escribir partía dunha ollada: obrigoume a ter unha ollada distinta; era distinto simplemente vivir a vida que observala para despois filtrala. Este foi o impacto que causou en min o blog, sentirme de repente dono dunha ollada, necesitar esa ollada. Só o feito de ter que escribir unha vez ao día cambiou a miña forma de mirar o mundo.

No canto de *eye-candy* eu teño *haicu*, unha cousa algo contraria. A metáfora fundamental que escollín foi o váter de Duchamp, o mexadoiro do revés. O artista é un fontaneiro ou fontaneira, un Súper Mario Bros máis ou menos creativo que é capaz de darlle a volta ao que está, ao que ve. E de aí partiu: moitos amigos e amigas tiñan blog e a min apeteceume tamén entrar aí e escollín unha forma simple e o máis económica posible a nivel de gasto de tempo que era o haiku; e sobre todo influído por Ana Salgado, unha amiga que sempre me admirou porque é

---

7. Transcrición da intervención.

capaz de utilizar toda a poesía galega no [pub] Malas Pécoras. Ela, aínda que non escribe, si está relacionada co mundo da crítica e da literatura, e vive a poesía moito máis ca min; por poñer un exemplo, cando na conversa fai unha enumeración remata dicindo «pelos, cousas», que é un verso de Mónica Góñez, «Déixasme a cama chea de pelos, / de cousas», que me parece un verso impresionante. «Ningún lugar seguro para os amantes», é un verso que me vén continuamente á cabeza, de Antón Lopo e utilizado por Ataque Escampe. Dalgunha maneira para min a cousa parte de aí, de como a poesía está na vida; o que dicía Gaspar Domínguez, ao final do que se trata é de levar a poesía á vida. Iso Ana, e moita outra xente, faino de marabilla.

Acórdome dunha conversa con Cordal na que falábamos de que nós realmente non éramos os protagonistas da cuadrilla, nós éramos os cronistas, os chapóns que *flipaban* cos que realmente vivían, os que realmente facían as performances; nós simplemente observábamos. Ese é o papel no que me vexo confinado, porque eu quería vivir, pero ao final sempre acabo observando e admirando a xente que realmente vive, que realmente fai esa produción propia.

O punk é un pouco a base de todo isto; seguindo a Greil Marcus en *Rastros de carmín. Unha historia secreta do século XX*, e máis atrás, desde Cabaret Voltaire, xente escapando da idea da guerra imitando as galiñas mentres un toca o piano, unha forma realmente de vivir. E despois a Internacional Letrista e a Internacional Situacionista, que están na base da revolución de maio do 68, a única que non se fixo polas necesidades básicas e si polas culturais, de vida, de ter unha vida mellor. De aí saen todas esas frases que aínda hoxe gardamos na memoria colectiva, «Prohibido prohibir», «Debaixo das lastras está a praia», e que a min me recordan ao 15-M: de repente o importante non é corear todos e todas o mesmo anatema, a mesma frase, senón que cada quen ten a súa frase na man, frases con enxeño, con vontade de dicir pero dunha determinada maneira. Xa non é simplemente a reivindicación, un pouco gris, panfletaria. Recordoume ao 68, as frases polas paredes, onde dalgunha maneira está a poesía.

Está a poesía tamén en Facebook e Twitter, esas novas ferramentas máis directas e en tempo real que xa superaron ao blog. A mensaxe de estado, a resposta á pregunta «Como estás?» é poesía pura, o xerme da poesía. Que respondemos? Eu teño lido mensaxes de estado moi potentes; incluso me teño sorprendido pensando qué poñer no estado e con esa idea ir correndo facer un haiku e apuntalo no blog. É como dicía Nazım Hikmet, e tamén nalgún lugar de *Silabario da turbina*, de Rompente: o vello camiño é o novo. Que é a vangarda? Algo igual de nocivo pero diferente, distinto, algo que non se fixera, como dixo Ana Cibeira.

A ventá é de dobre dirección: nós, chapóns, vemos, lemos, porque non nos atrevemos a vivir, pero tamén é por onde nos poden ver, nos blogs. Somos observados nas fotos do Facebook, e aínda que eu decidín non subir fotos, non censuro as que outros poñen e aí está a mirada sobre min, nunha identidade construída ao chou porque eu non controlo iso, e interésame como a xente me ve, a que me fotografou ou enlazou como ese constructo, ese Frankenstein, O Leo Arremecaghona, que evidentemente non ten nada que ver comigo.

Para rematar gustaríame reflexionar sobre un tipo que fixo algo igual de nocivo pero diferente, un tipo que admiro moito, Roberto Bolaño, porque creo que deu un paso adiante a nivel técnico. A reflexión é sobre cómo nos vemos a nós mesmos: Bolaño escribiu *Los detectives salvajes*, unha novela sobre a súa vida na que os protagonistas son o seu amigo da alma mais el, un canto á amizade e unha gran vinganza; a gran revolución é que os protagonistas practicamente non saen, é dicir, toda a novela enfoca os protagonistas dende testemuñas, centos de testemuñas, e vemos como constrúe a súa identidade a través da xente que o coñeceu. Revolución técnica e tamén a nivel identitario, porque decidiu verse a través dos outros, darlle a volta á ollada.

Ao mellor estamos demasiado expostas e expostos, a través do Facebook e demais xa nos expuxemos demasiado e ao mellor o pracer agora é esconderse outra vez, o pracer de non mostrarse, de escapar ou de enganar a pupila.



# As revistas dixitais en Galiza: pasado, presente e futuro

Mesa Redonda

Coordinación: **Elvira Riveiro**  
**María Xesús Nogueira Pereira**  
**Montserrat Pena Presas**  
**Gaspar Domínguez**







## As revistas dixitais en Galiza: pasado, presente e futuro

Interésanos hoxe a liña que vai desde «este libro rematouse de imprimir no obradoiro de...» ata o pdf descargable, imprimible e distribuible desde a soidade do noso cuarto. Decatarédesvos mesmo de que, por non ter impresora e para aforrar o gasto ás veces tan inútil dunhas poucas follas de papel, dou paso a esta mesa de debate pondo os ollos na pantalla, boto man do procesador de textos e deixo por unha vez de apalpar as follas e de revisar se están na orde correcta.

**María Xesús Nogueira** naceu en Berres, no concello da Estrada, no ano da publicación do álbum branco dos Beatles. O ano do nacemento de Deep Purple e Led Zeppelin nacía tamén ela, pero onde o Ulla se remansa. Foi no mesmo verán en que o exército ruso puxo fin á primavera de Praga, aquel ano de 2001: *unha odisea do espazo* de Stanley Kubrick, do *Planeta dos simios* e da Semente do diaño de Roman Polanski; o ano en que Otis Redding nos agasallaba con *The dock of the bay* e, por primeira vez, o Nóbel de literatura era para un xaponés: Yasunari Kawabata. Daquela, cando ela nacía, morría Yuri Gagarin e era asasinado Martin Luther King: o Ano Internacional dos Dereitos Humanos. Como non podía ser doutro xeito, foi un tamén un ano cunqueirían: o de Mondoñedo gañaba por aquela altura o premio Nadal.

Esta coleccionista de palabras, como ela mesma se define, é doutora en Filoloxía Galega e profesora na facultade de Humanidades de Lugo, onde imparte clases de lingua e literatura galegas. As súas principais liñas de investigación son a narrativa de Álvaro Cunqueiro e a poesía galega contemporánea.

Foi membro dos consellos editores da revista *Dorna* e da colección de poesía Letras de Cal. Na actualidade éo do Boletín Galego de Literatura e colabora no portal culturagalega.org así como no programa Diario cultural da Radio Galega.

É autora de *Os outros feirantes de Álvaro Cunqueiro* (Sotelo Blanco, 1993); *Álvaro Cunqueiro. Narrativa curta. Antoloxía* (A Nosa Terra, 1997); *Soñadores e familia. Os personaxes na narrativa de Cunqueiro* (TresCtres, 2009) e do Dicionario Lois Pereiro (TresCtres, 2011). Tamén é coautora de obras como *Historia da literatura galega* (A Nosa Terra, 1997); *A Literatura desde 1936 ata hoxe: poesía e teatro* (Hércules de Ediciones, 2001) e *Creation, publishing, and criticism : the advance of women's writing* (Peter Lang, 2010). Ten publicado artigos en *Grial*, *Anuario de Estudos Literarios Galegos*, *Boletín Galego de Literatura ou Madrygal*, entre outras publicacións.

A Chus Nogueira pedímoslle que pousase o seu ollo crítico sobre as revistas literarias dixitais galegas. As de onte (se é que as hai) e as de hoxe, que habelas hainas. Cal é o papel das revistas dixitais dentro do conxunto das revistas literarias galegas?, que difusión e importancia teñen no presente e que futuro albisca para este tipo de publicacións?, queda algún anaco dese futuro para as revistas impresas?...

**Gaspar Domínguez** é limiao de orixe, aínda que naceu en Cartaxena o ano en que as mulleres obtiveron o dereito ao voto en Suíza, exactamente o mesmo en que o ditador Francisco Franco nomeaba sucesor a Xoán Carlos de Borbón. Nese ano en que morreu Igor Stravinski e Jim Morrison en París, nese en que Pablo Neruda recibiu o Nóbel de Literatura, no ano *d' A laranxa mecánica* de Stanley Kubrick e de *Morte en Venecia* de Visconti, naquel ano en que se formou a Electric Light Orchestra, os londinienses Queen e os alemáns Kraftwerk, no mesmo ano de *Imaginé* de John Lennon, no Ano Internacional da Loita contra o Racismo e a Discriminación Racial, nese ano en que saía á venda o primeiro microprocesador comercial, chegaba a este mundo Gaspar Domínguez. El, que foi criado entre a Costa da Morte e o Mar Menor, anos despois habíase licenciar en Documentación na Universidade de Granada. Tamén se diplomou en Biblioteconomía na Universidade de Murcia e especializouse en edición na Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade desenvolve o seu labor como bibliotecario e documentalista dixital.

Foi o impulsor da revista poética Andar21.net, un nome de referencia para a poesía galega dos últimos anos. Tamén participou na creación do colectivo editorial Ren de Ren e tomou parte activa no colectivo de intervención Mar de Tinta. En 2002 participou no Foro Negro e o ano pasado fíxoo nas primeiras Jornadas Galegas da Edición Independente. En particular, como editor independente, publicou varios libros en colaboración con .

Os seus versos viron a luz sobre todo en revistas (*Feros Corvos*, *Dorna*, *Espasmo*, *Ágora TAG*, *Sobreverbos...*) e libros colectivos (*Sempre mar*, *Mar de Tinta...*). A obra *Las Poleas de Tesalia* (2000), unha escolma do seu traballo poético en castelán, foi premiada coa súa publicación en Murcia.

A intervención de Gaspar xirará arredor do (irreversible?) futuro dixital das revistas literarias. A el pedímoslle que reflexionase verbo deste tipo de publicacións desde a súa experiencia como editor de andar21, sobre a xénese e o desenvolvemento do proxecto andar21 e sobre o presente e futuro deste soporte ou que lle queda ás revistas impresas...

**Montse Pena Presas** naceu no concello de Sada, o ano en que Grecia entrou na Comunidade Económica Europea, aquel en que morría Bob Marley e, pouco despois, o poeta italiano Eugenio Montale. Ao mesmo tempo que comezaba a abrir os ollos ao mundo Montse, iniciaban tamén o seu camiño o dúo Pet Shop Boys e as bandas Metallica, Mötley Crüe e Siniestro

Total. O seu nacemento tamén coincide co do filme *Excalibur* de John Boorman, co *Speak & spell* de Depeche Mode, o *Faith* de The Cure ou o October de U2. Aquel ano o Premio Nóbel de Literatura foi para Elías Canetti. Algún tempo despois, Montse Pena licenciouse en Filoloxía Galega e obtivo o Diploma de Estudos Avanzados en Teoría da Literatura e Literatura Comparada pola Universidade de Santiago de Compostela. Completou a súa formación en Salamanca, onde frecuentou o Máster en Edición desta universidade. Foi profesora de lingua e literatura galegas na Universidade de Bangor, en Gales, e investigadora contratada na Universidade de Santiago de Compostela, onde agora está a realizar a súa tese de doutoramento sobre estudos de xénero e literatura xuvenil galega. En 2008, a prestixiosa International Youth Library de Múnic (Alemaña) concedeulle unha bolsa para afondar no seu proxecto doutoral.

Montse está especializada no ámbito da literatura infantil e xuvenil e ten participado en diversos congresos nacionais e internacionais por este motivo. Publicou igualmente diversos artigos sobre o tema, entre eles: “Notas para unha tematización da narrativa infantil e xuvenil galega (1975-1985)”, “Carlos Casares: tradutor diverso e editor entregado de literatura infantil e xuvenil”, “Beber soños: seis palabras arredor de Agustín Fernández Paz”; “Imágenes de niñas en la narrativa infantil y juvenil gallega” ou “A muller contra a marea. Xohana Torres pioneira da literatura infantil galega”. Como crítica literaria, colabora en diferentes publicacións, como *Grial* ou *Madrygal*, e en xornais e revistas especializadas, como *Faro de Vigo* ou *Protexta*.

A Montse Pena Presas pedímoslle que respondese á cuestión de se ás revistas literarias impresas lles cumpriría o tan citado título de crónica *dunha morte anunciada*. Desde a propia experiencia como colaboradora en publicacións tales como Protexta, Grial, Anuario de Estudos Literarios Galegos ou Fadamorgana, a súa visión desde dentro de quen publica tanto en medios impresos como dixitais ha de ser necesariamente apegada á realidade, á vida é á morte desa literatura que se vai espallando en follas voandeiras, ora en papel, ora en formato electrónico. Proxectos en marcha (impresos e dixitais), vixencia e proxección do soporte dixital fronte ao impreso... son algunhas das escalas nesta viaxe trala pegada dixital da nosa literatura.

*Elvira Riveiro, coordinadora da mesa*



## As revistas literarias dixitais

### María Xesús Nogueira

A iniciativa *Da tinta á pegada dixital* organizada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega fíxome volver sobre un texto que escribira hai agora unha década para as páxinas de crítica da revista *Dorna*<sup>8</sup>. Tratábase dunha panorámica como as que a publicación adoitaba incluír dedicada esta vez non ao xénero poético nin narrativo, senón á literatura publicada na rede. Tomando emprestado o título dun referente da música da década anterior, rotulei o meu artigo “Sitios distintos” coa intención de xogar coa ambivalencia á que se prestaba a fórmula: *webs* diferentes por estaren feitas en galego e espazos distintos onde publicar textos literarios. Semellante título revélase hoxe en día claramente obsoleto. A presenza da literatura na rede non só é un feito común, senón que o inusual comeza a ser a súa ausencia.

A historia das revistas dixitais galegas cómpre encadrala nun marco ben máis amplo como é o das revistas literarias. Neste senso, non debe esquecerse o papel desenvolvido por elas na historia da literatura galega moderna en canto canles, as máis das veces alternativas, para a súa difusión. O menor grao de independencia a respecto do mercado, ao seren a miúdo produto do voluntariado e dun traballo case artesán, permitíronlles asumir unha serie de riscos tanto no terreo estético como no ideolóxico e sacar á luz textos cuxa publicación en forma de libro sería moito máis problemática. Tal circunstancia explica o talante *vanguardista* de empresas que resultaría prolixo enumerar aquí. Sirvan tan só como mostra *Nós, Loía, Luzes de Galiza* ou *Ronseltz*. Se as publicacións periódicas están asociadas á resistencia cultural e á difusión de textos literarios máis ou menos afastados dos canons imperantes, a súa sobrevivencia semella garantida, sexa no formato que for, mentres estas necesidades sigan existindo.

O segundo encadramento que esixe a cuestión das revistas dixitais ten que ver co novo escenario configurado pola aparición de internet. A súa difusión provocou, como é sabido, profundas transformacións non só no que atinxe á difusión dos textos, senón tamén á creación e á lectura<sup>9</sup>. As novas posibilidades que o medio ofrece (inmediatez, hipertextualidade,

8. “Sitios distintos”. *Dorna* 27, 2001, pp. 169-176.

9. Cassany propón desenvolver a propósito disto o concepto de *literacidade electrónica*. Daniel Cassany, *Tras las líneas. Sobre la lectura contemporánea*. Barcelona: Anagrama, 2006. A literacidade electrónica en Galicia foi estudada por Manuel Bragado. *Vid.* “A literacidade electrónica: un novo paradigma comunicacional”. *Interea visual*, 7, 2006, pp. 4-9”; e “O difícil camiño do libro dixital en galego”. *Grial*, 187, 2010, pp. 13-19.

interactividade e multimodalidade, entre outras) resultaron atractivas para unha literatura que na segunda metade da década dos 90<sup>10</sup> arrastraba aínda importantes carencias editoriais. Un grupo significativo de escritores e escritoras interesáronse moi axiña polas posibilidades da Rede e comezaron a poñer os primeiros cantos da literatura dixital: *O Ximnasio de Academo*, *O Q do mundo*, *Mares de Sinbad* ou *Vieiros*.

Á hora de falar de revistas dixitais é necesario facer unha diferenciación básica entre aquelas que son versións electrónicas (habitualmente en formato pdf) de publicacións en papel (é o caso de *Feros Corvos* ou, na actualidade, de *Protexta*) e aquelas que tan só existen na rede, e que nalgúns casos explotan as posibilidades desta, como *Andar 21*, *Cartafol de libros* do portal *Vieiros* ou *Revista de poesía*.

Os albores das revistas dixitais galegas están no entanto marcados por unha lóxica indefinición que ten que ver coa propia evolución do medio. Deste xeito, algún dos proxectos pioneiros aparece integrado en portais ou páxinas persoais. Tal acontece con *O Ximnasio de Academo*, sitio creado por Manuel Forcadela, que incluía, ademais do servidor de textos “Foro das Letras”, unha versión dixital da *Guía dos Libros Novos*, ou en *Residente en memoria. Lugar da poesía galega máis nova*, de Carlos Pérez Varela, onde se podía acceder a unha selección de artigos entre os que figuraba o “Discurso de ingreso de Xabier Cordal Fustes na poesía dos 90” ou o “Panfleto sobre Poetas Novos”, de Carlos Santiago. Na segunda metade da década comezaron a aparecer tamén as primeiras revistas propiamente ditas. Unha das máis lonxevas foi *Çopyright. Revista e pensamento, crítica e criação*, coordinada por Celso Álvarez Caccamo, e da que apareceron 90 números no treito que vai de 1996 a 2008<sup>11</sup>. Entre os seus contidos atopábanse tanto textos poéticos como estudos literarios. A mítica *Feros Corvos. Folla voandeira do Batallón Literario da Costa da Morte* difundiu por aqueles anos a súa versión electrónica, nun transvasamento de formato que non deixa de resultar curioso. Da man de X. Marques e Xavier Frías Conde nace *Agora ou nunca. Nova literatura galega e portuguesa*, que conxuga textos de creación e traballos críticos sobre a poesía da época<sup>12</sup>. A atención prestada ao xénero poético polas algunhas das iniciativas pioneiras na publicación on line está tamén patente no título da revista *A rama guinda. Caderno de recursos poéticos* e o primeiro *e-zine de activismo poético*, que publica composicións de Francisco Fernández Romero e Xabier Cordal. Proxectos como *Alquimia. Revista de literatura da Facultade de Filoloxía de Santiago* (edición paralela á versión en papel), *Tempos Natura*, *O pica-folla* ou *Omnibus* van creando un tecido de revistas que conseguen naturalizar aos poucos a literatura galega na rede. Dentro da súa diversidade, estas iniciativas pioneiras comparten algunhas características que cómpre notar:

1. Presenza da poesía entre os seus contidos e compromiso coa súa difusión.
2. Compromiso coa poesía dos 90, tanto coa creación como coa incipiente crítica literaria sobre o fenómeno.
3. Exploración das posibilidades de debate tirando proveito da interactividade que ofrece o novo soporte<sup>13</sup>.
4. Xurdimento dun (tamén incipiente) discurso sobre a propiedade intelectual en internet.

10 O primeiro directorio de webs galegas e en galego, *Vieiros*, creouse en febreiro de 1996.

11 A colección pode ser consultada en <http://www.udc.es/dep/lx/cac/sopirrait/>.

12 É o caso de “Grupos, antigrupos, asasinatos, cánticos e espectáculos na poesía do Grupo dos 90”, de Inma López Silva; e de “Batallón Literario da Costa da Morte: Letra viva”, de Teresa Seara.

13 “Esta páxina é un MURO DE CAL, e está para enzoufala” podíase ler en *Residente en memoria*. Un exemplo do fomento do debate atopámolo no portal *Vieiros*.

Esta última cuestión había xerar andando os anos importantes controversias e máis dun des-acordo. A súa presenza nestas primeiras páxinas amosa desde diferentes sensibilidades un problema que comezaba a se facer visíbel. Eis algúns exemplos:

os textos aos que se pode acceder desde esta páxina son reproducidos desde a crenza de que a súa difusión non contravén ningunha lei nin conculca os dereitos do autor ou dos seus herdeiros [...] O Ximnasio de Academo é unha páxina non comercial e de interese.

En poesía, a propiedade privada está abolida e contra quen ose comenazar as privatizacións levantárase un muro de proclamas, e non haberá pacto social posíbel. (*Mares de Sinbad*<sup>14</sup>)

Dobrado o milenio e superado aquel —visto desde hoxe algo inxenuo— efecto 2000, continuaron a aparecer proxectos máis ou menos duradeiros de revistas dixitais. Algunhas delas incorporan a literatura ao seu índice de contidos, como acontece con Nova fantasía<sup>15</sup>, editada por Fran Morell e presentada como «*unha revista electrónica, escrita integramente en galego, e adicada a difundir o xénero fantástico*» que se concibiu co dobre obxectivo de «*dignificar a nosa lingua e dignificar o xénero*». Outros foron os motivos que levaron á creación de *Andar 21*. Revista poética en rede, proxecto fundado en 2001 por Gaspar Domínguez, dedicada a difundir textos poéticos de literaturas diversas. Recentemente, o repositorio *Poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura* creou a *Revista de poesía*<sup>16</sup>, concibida como «*unha plataforma para a recepción crítica dos métodos, estratexias e contidos que definen a actualidade na análise da poesía galega*».

A este catálogo, que non pretende ser máis que unha mostra non exhaustiva, cómpre engadir as publicacións derivadas do proceso de dixitalización dunha parte importante do elenco de revistas literarias, ben de xeito gratuito ben mediante pagamento: *Madrygal*, *Grial*, *suplemento Protexista*, *Revista de Letras de Galicia Hoxe*<sup>17</sup>, etc. Esta tendencia, que está detrás da filosofía do portal *poesiagalega.org*, foi unha práctica maioritariamente adoptada no ámbito académico, onde a reducida difusión de publicacións actúa desde hai tempo como un poderoso argumento económico.

O novo escenario está ademais marcado por unha recesión económica que, xunto coa falta de apoios, levou ao peche de publicacións en galego nas súas versións en papel e, nalgúns casos, tamén nas electrónicas. Velaí *A Nosa Terra*, *Galicia Hoxe*, *A Peneira*, *O Xornal de Galicia* ou o portal *Vieiros*. A importancia das publicacións dixitais neste contexto semella polo tanto obvia e ao tempo corroborada por iniciativas que tiran proveito tanto da gratuidade —ou baixo custo— como da independencia e outras vantaxes do medio. O momento actual está igualmente caracterizado pola diversificación e a convivencia dunha serie de formatos que están a cumprir *de facto* funcións dunha revista literaria, como a temática e a periodicidade. Son estes principalmente os blogs, tanto de creación como de crítica<sup>18</sup>, e as redes sociais, que están a albergar desde hai tempo contidos literarios. Un tema á parte é o recoñecemento destes medios e

14 Páxina persoal de Rafa Villar.

15 [www.novafantasia.com](http://www.novafantasia.com)

16 [http://www.poesiagalega.org/revista\\_de\\_poesia/revista\\_de\\_poesia](http://www.poesiagalega.org/revista_de_poesia/revista_de_poesia). *Poesiagalega.org* é un proxecto do Grupo Alea de Análise Poética en colaboración co Consello da Cultura Galega.

17 O proceso é parello á creación de versións dixitais de xornais (no ámbito galego, *El Correo Gallego* / *O Correo Galego* foi, en 1995, pioneiro), así como de revistas en xeral.

18 Cómpre reparar na función que están a desempeñar *Caderno de Crítica*, *Criticalia*, *O levantador de minas*, *Ferradura en tránsito*, *Novenoites*, *Bouvard e Pécuchet*, os desaparecidos *As uvas na solaina* e *Lándoas*, ou os portais *lg3* e *Fervenzas literarias*.



a súa incidencia no canon, cuestión sobre a que reflexionaba Francisco Castro no III Encontro de Novos Escritores nos seguintes termos:

*A literatura galega está chea de autores con blog. E cando falamos de “literatura galega”, xa non só debemos, probablemente, circunscribirmos aos que teñen algún libro editado, senón que hai unha boa morea de xente que fai literatura só nos blogs, ou noutra sorte de propostas electrónicas que amplían o que entendemos por “literatura galega”. En moitos casos, prescindindo dun xeito consciente do “formato libro”<sup>19</sup>.*

A esta cuestión cómpre engadir aínda as transformacións nos hábitos de creación e lectura derivadas destes novos soportes, nas que Eduardo Estévez quixo ver —non sen ironía nin probablemente acerto— unha das tan procuradas balizas xeracionais:

*a irrupción das novas tecnoloxías probablemente si estea a establecer o cerne dunha nova xeración poética. impóñense novos marcos de difusión e os autores teñen acceso a novas ferramentas expresivas. neste contexto talvez esteamos diante dun novo modo de facer poesía que produza unha verdadeira revolución vangardista que superará calquera discusión menor entre oitentas e noventas ou mesmo entre iso todo xunto e o anterior<sup>20</sup>.*

A tendencia á dixitalización no ámbito das publicacións literarias de carácter periódico semella imparábel. Tal evidencia non agoira no entanto, na miña opinión, a fin das revistas en papel, cando menos nun futuro inmediato, pero si condiciona a súa existencia á explotación da súa especificidade (carácter tanxíbel, dimensión plástica, deseño...). De igual maneira, as revistas dixitais terán necesariamente que rendibilizar as características que lle son exclusivas e que, en xeral, non acadaron a día de hoxe un grao de desenvolvemento pleno.

Entre tanto, e á altura do outono de 2011, cómpre non esquecer que as revistas dixitais están ligadas a unha implantación das novas tecnoloxías real, e a unha a conexión a internet eficaz ao alcance da poboación urbana e, sobre todo, rural<sup>21</sup>. Semellantes carencias obrigan ao meu ver a relativizar o ritmo e as dimensións dunha mudanza profunda e sen camiño de volta.

---

19 “A literatura. Internet e novas tecnoloxías. Mesa redonda”, *Entre dous séculos. III Encontro de Novos Escritores/as*, Asociación de Escritores en Língua Galega, 2005, p. 57.

20 *Op. cit.*, pp. 73-74.

21 Segundo datos do INE do ano 2011, tan só un 53,3% de vivendas galegas dispoñen de acceso a internet.

**Gaspar Domínguez**

## **Poética de redes: a poesía e o medio electrónico** <sup>22</sup>

### **De ninguén o poema** <sup>23</sup>

*La poésie doit être faite par tous. Non par un.*  
Lautréamont

O poeta é un xamán, un practicante da maxia na procura necesaria e na espera respectuosa das forzas máis sagradas da vida. O poeta afástase das institucións, da autoridade, á espreita sempre dunha consciencia singular, dun coñecemento alternativo. A creación poética require dunha atención constante pola nosa natureza animal pois ela é quen nos fai sentir máis vivamente a linguaxe do mundo, un código que é común á especie humana, un instinto esencial que transcende calquera logro social. A vivencia e a videncia poética exploran e desvelan un ser común, un ben que toma corpo tamén na palabra.

A literatura, como a arte toda, é unha actividade autónoma, mais a poesía pertence a todos e a ninguén. Todos somos creadores. Recoñezamos que este tipo de revelación non é hoxe do agrado da maioría. A liberdade total da creación supón a creba da submisión, do contrato social que se estableceu de maneira tácita ou explícita no marco histórico da dominación. É por iso que a poesía ardeu en todo tempo coas mulleres sabias e cos libros prohibidos, mais sobre todo ardeu e arde por mor da represión institucionalizada e pola contención do noso común instinto libertario.

---

22 Con agradecemento a Elvira Riveiro e á AELG pola oportunidade de compartir estes apuntamentos no décimo aniversario da botadura do proxecto *Andar21*.

23 Os catro epígrafes deste relatorio foron lema da revista *Andar21.net* en distintos momentos. (De ninguén o poema // Todo o dito ou escrito / como meu: o poema...// Do sublime e o belo, / nada meu, nada propio. // Só asinei algúns versos, / cal Pessoa ou Verlaine.) Poema de Francisco Domínguez Romero.

Mais, contrariamente a calquera uso normativizado, a lingua vive en nós e evolúe na fala que partillamos. A xenuína creación non compite en excelencia polo servizo de ninguén, non fai estudos de *marketing* e non entende gran cousa de medios nin de espazos mediáticos. A poesía acontece na obediencia exclusiva dunha *lei de necesidade*<sup>24</sup>. Actúa así, a creación, como alivio espontáneo, directo, desinteresado... Por contra, as políticas sistémicas son concibidas para transformar o idioma, a diversidade, as persoas, nun soporte homoxéneo para o dominio.

O mercado impón cada vez máis a súa forma a todos os eidos da sociedade e tamén á creación artística e literaria. A condición produtora e consumidora e a insólita obriga de seren competitivos teñen un efecto homoxeneizador nos autores, na súa escrita e o que é peor, nos lectores e mesmo na lingua. Non cabe dúbida que este proceso falsifica e socava as bases da cultura, impondo como espectro totalizador e centralizador á sociedade, un construto espectacular separado da responsabilidade individual, da liberdade.

O fío con que se arma calquera obra literaria moderna algunha enfiada ten daquela maxia orixinal, máis trezada durante séculos polas autoridades devén hoxe, cada vez máis, artefacto tecnolóxico, atracción multimedia da comunicación social.

Igual ca nos ríos, xa cada vez máis temos que remontarnos aos nacentes da poesía nova para evitar a contaminación industrial. E alí non hai máis que auga limpa, unha ferverza entusiasta a escachar nunha poza, na marmita de xigante aberta polas xeracións no idioma coa única vontade de sermos, de vivir e fluír na natureza. Eis, a ecoloxía social que cada revista de creación desexaría convocar.

### **Poesía é para comer**<sup>25</sup>

No contexto actual, a autonomía precaria do campo literario vernáculo é mantida e tolerada como variedade específica, como *localización*, coa condición de que se mantéña reducido e separado da vida, unha vida que agora debe decorrer cara ao mercado global, como destino totalitario. Porque en definitiva xa sabemos que se os xornais e outros medios de masas venden público aos anunciantes<sup>26</sup>, as editoras comerciais (extra)limítanse ao vender lectores e escritores ás institucións patrocinadoras da cultura que habilitan o sistema literario.

A oferta e demanda nos andeis da coerción supoñen nada menos que o abandono e a renuncia do que nos é máis propio; poñer unha coartada liberal á tradicional redución e asedio sistemático da lingua, da nosa independencia máis elemental. E dado que a corresponsabilidade social na autodestrución é a primeira demanda moral da economía actual o que acontece semella ser o froito da nosa disposición e entrega.

É preciso lembrar que a case extinción do lobo non foi, como se presume, un lento proceso evolutivo de domesticación. Primeiro houbo batidas auténticas que se cobraron os mellores exemplares, máis recentemente ese exterminio planificado tamén suscitou un sistema de axudas para os gandeiros, ao tempo que se perpetraba a concentración parcelaria e se construían as autoestradas da 'libre competencia'.

---

24 "Hay una cara de la experiencia, como elemento dado, que no puede ser conocida más que poéticamente". Valente, José Ángel: *Las palabras de la tribu*, Barcelona: Tusquets, 1994.

25 Do poema *A defesa do poeta* de Natália Correia (Sou uma impudência a mesa posta / de um verso onde o possa escrever / ó subalimentados do sonho! / a poesia é para comer.)

26 Herman, Edward S.; Chomsky, Noam: *Manufacturing consent: the political economy of the mass media*, Nova York: Pantheon, 1988.

A autonomía e a espontaneidade da creación individual asaltan e sobordan sempre os marcos da autoridade. E vós, os novos, teredes que asumir os riscos da experimentación por todos os medios para que colectivamente esteamos en disposición de afrontar novas responsabilidades, novas liberdades que transcendan ao ámbito político e social para mudar as nosas vidas e para facer poesía.

E para que a palabra poética circule e florez na colectividade é indispensábel enxergar un horizonte lingüístico e social alén da referencia unívoca, rachando coa unidireccionalidade que desemboca no consumo pasivo. A normalidade, o equilibrio artificial da certeza xurídica, participa da catástrofe, asume e anticipa a extinción. Dado que o poder funciona como identidade<sup>27</sup>, precisamos unha forza contraidentitaria que rexeite a imposición da individualidade.

É ben sabido que as revistas de creación son moi relevantes na conformación espontánea dese espazo que denominamos movemento literario. Unha necesidade orgánica que non debe presupoñer ningunha suplantación mediática ou portavocía manifesta, ningún ordenamento e ningunha xerarquía. Fronte a unha dependencia que conculca a nosa existencia, cómpre non desvalorizarnos na recesión mental pautada pola política<sup>28</sup>. Vivir a creación, realizar a poesía, facer o amor, mudar a vida... Ao fin, a proclama de Rimbaud debe seguir gravada no mascarón de proa dos navíos prófugos mentres non atopemos outra mellor.

### **A forza do noso amor non pode ser inútle!**<sup>29</sup>

*Unha saída: se os homes teñen sacrificado ideais e vida pola invención dun vehículo, toma o vehículo para escapar dos cadáveres e achégate aos ideais.*

Karl Kraus

Hai vinte anos mostrábonos aínda demasiado escépticos fronte á vaga propagandística da tecnocracia cibernética que comezaba a asolar Europa. Sentiamos unha enorme desconfianza por aquela primeira lexió de expertos que utilizaba unha linguaxe realmente odiosa para referirse a nós e ás cousas que apreciábamos. Sabiamos que trala retórica xerencial dos recursos de información (o saber) e dos recursos humanos (as persoas) viña toda unha delegación comercial da industria que preparaba o terreo da internacionalización do negocio de computadoras, software e telecomunicacións. Mais debemos recoñecer que nunca puidemos imaxinar a magnitude do desafío que suporían as certezas que hoxe temos sobre a extensión mundial dese poder económico e tecnolóxico e do condicionamento implícito a este fenómeno<sup>30</sup>.

27 Tal e como nos avisara Michel Foucault, cómpre esgrimir a diferenza e loitar contra o suxeito e os procedementos de suxeitamento nunha práctica permanente. Unha actitude intelectual, contraria a esa separación da moral individual e da vida pública que caracteriza os modelos de filiación e de organización vixentes. «*O que me sorprende é o feito de que na nosa sociedade a arte chegou a ser algo que só se refire aos obxectos, e non aos individuos ou á vida; e tamén que a arte é unha especialidade feita por expertos que son os artistas. Mais non podería ser a vida de todo individuo unha obra de arte? Por que unha lámpada ou unha casa son obxectos de arte e non a nosa propia vida?*» Foucault, Michel.: «A própos de la généalogie de l'éthique: un aperçu du travail en cours» En Dits et écrits, 1983.

28 «*Os poetas non deben abandonar as súas fileiras a prol dunha liña de acción partidaria, xa que teñen na poesía a política que lles é propia*». Read, Herbert: To Hell with Culture, and Other Essays on Art and Society, Schocken Books, Nova York, 1963.

29 O célebre verso de Uxío Novoneyra pechaba o primeiro editorial de *Andar21* en maio de 2001.

30 «*[...] agora xa non se le para coñecer mellor o mundo ou orientarse no pensamento. Outras formas de lecer están á man, que non ofrecen, coma o libro, a inquietante sensación de atoparse confrontado a si mesmo, obrigado a pensar, a ser posíbel en calma, lonxe da ollada do outro, e por iso, xa case morto.*» Mandosio, Jean-Marc: Après l'effondrement. Notes sur l'utopie néotechnologique. Encyclopédie des Nuisances, París, 2000.

Con todo, aquelas redes de factura militar e académica van supoñer un terreo de xogo moi fértil para esa literatura asistémica que non se axusta ao gusto e á corrección política das elites. A permeabilidade dos protocolos vai permitir un novo impulso á disciplina da autoedición. E xunto cos proxectos individuais vanse multiplicar os actos de coordinación, moitas veces alén da vinculación persoal e da componenda ideolóxica. Revistas dixitais, redes, filocafés, círculos... interesantes proxectos e publicacións. Un novo impulso colectivista que a estas alturas deberíamos poñer baixo observación.

Agora sabemos que os novos medios tampouco supoñen a creba da ortodoxia. De certo, apenas veñen iluminar os estados de descomposición e de recomposición social existentes, e a persistencia do ídolo institucional que xestiona unha determinada imaxe da hecatombe circundante. Os tratantes, hai tempo en proceso de reconversión, xa están avisados de que Internet abre unha posibilidade de revisar e visibilizar os propios fenómenos periféricos, particularmente a autonomía do individuo, nos termos da mercadotecnia.

Antes de Internet viaxabamos nun tren no que a miúdo estaba prohibido asomarse ao exterior. Hoxe, cun brindé, fica abolido o interior por medio dun proceso de liberalización que se consuma en actos de comunicación, de relacións públicas e de representación social. Situámonos na actualidade en tal estadio de alleamento que a vertixe producida pola ditadura da economía aboca os individuos á expresión dunha imaxe de marca no *karaoke* autorreferencial das redes sociais. Este negocio está a instituír, a socializar globalmente, a obriga de sermos alguén, de estarmos sempre a sorrir desde a nosa 'liña de estado', nunha *performance* individualizada, un novo simulacro de identidade que xestionamos con afán inusitado.

Hoxe escoitamos que o pulo inherente ao medio electrónico contribúe á fatal aceleración que banaliza o labor literario e móstransenos probas de que incluso está a modificar os procesos de coñecemento<sup>31</sup>. As moi depreciadas aprendizaxes medulares da interpretación, da crítica, da imaxinación... son suplantadas agora polo *training*. As tradicionais aptitudes contrastadas do coñecemento, do saber... son substituídas polas destrezas tecnolóxicas. A sociedade de consumo é cada vez máis unha masa intelectualizada (programada) co obxectivo de servir de maneira distribuída e eficiente á xestión do desastre que estimulan os novos modelos de negocio.

Participar, como eufemismo de consumir, é a palabra que resume o desexo da sociedade masa<sup>32</sup>. O poder esmagador da economía reparte as súas competencias entre os individuos facendo de cada quen un *policía de si mesmo*<sup>33</sup>. Xa estamos advertidos de que nos convén distinguir dunha vez por todas entre a arte poética e o *entertainment*, dado que a súa confusión interesada destrúe a arte e fortalece a dominación.

O móbil e as aplicacións 2.0 mercantilizan e aniquilan hoxe un amplo espazo da intimidade, centralizando aínda máis a existencia no espello da vida privada. A banalización e virtualización da personalidade en aras da promoción persoal semella ser hoxe unha estratexia vital para o

31 «*Hai tempo eu fun un submarinista no mar das palabras. Agora vou a todo filispín pola superficie coma un fulano nunha moto acuática.*» Carr, Nicholas: "Is Google Making Us Stupid?: What the Internet is doing to our brains". *The Atlantic* (xullo 2008). <http://www.theatlantic.com/magazine/archive/2008/07/is-google-making-us-stupid/6868/> [Consulta: 12/09/2011].

32 Manifestantes erguen logotipos dunha coñecida firma norteamericana durante una protesta en Rabat, Marrocos en marzo de 2011. Foto dispoñíbel en: <http://jafrianews.files.wordpress.com/2011/03/morroco-facebook-protest.jpg?w=450> [Consulta: 12/09/ 2011].

33 «[...] la sociedad postdemocrática, el neofascismo del mañana, acaso ya de hoy, se especifica por [...] la subrepción de las dinámicas autoritarias, la invisibilización de los procedimientos actuantes de coacción y dominio, rutilante tecnología de control social que consigue hacer de cada individuo un policía de si mismo, el cómplice declarado de su propia coerción, instancia de autovigilancia y autodomesticación.» García Olivo, Pedro: *El enigma de la docilidad*, Barcelona, Virus, 2005. Tamén dispoñíbel en: <http://www.pedrogarciaolivoliteratura.com/enigma.htm> [Consulta: 12/09/2011].

individuo fronte ao actualísimo *streeptease* integral do sistema de dominación. Non cabe dúbida de que a entrega deste baluarte xa está a ter unha significación transcendente no camiño da realización humana, tan relevante como as repercusións da enxeñaría xenética. Trala rutina exhibicionista está agochada a mercantilización da privacidade, toda unha domótica do sometemento. Non se insistiu abondo nos 60 en que gozar e facer gozar debían tomar parte da nosa ética? Sen esquecermos nunca de amosar rectitude ou cando menos algún carácter fronte á domesticación?

Conectividade obrigatoria, libre circulación das elites, mobilidade total apenas interrompida pola 'molesta pobreza' que segue a poboar o mundo... As autoestradas da información, como as outras, tamén percorren o abandono das nosas formas de vida e cultura.

A especialización sométenos, a separación redúcenos... Fronte á velocidade<sup>34</sup> e o imperio da vida privada, fronte á monitorización imposta polos novos modelos de autoridade; fronte ao confort reaccionario e a submisión organizada dos novos mercados da creatividade, temos a posibilidade de aceptar o risco, desafiarnos da febre da competitividade, recuperar o control individual e construír localmente.

### **Dedícate á poesía!**<sup>35</sup>

En 2001 puxemos en marcha unha publicación en Internet para sondar as posibilidades da poesía no medio electrónico, unha tentativa que se situou deliberadamente fóra do sistema de referencia, renunciando a antepoñer un rol determinado á súa actividade, a visibilizar a súa filiación...

*Andar21* quería celebrar os poetas vivos. Críamos daquela que Internet era un medio óptimo para a difusión da poesía, a miúdo breve, e doutros xéneros afíns, o terreo idóneo para realizar un experimento de comunicación poética colectiva, compartindo un espazo/interface, un taboleiro común para establecermos un diálogo creativo experimental co trasfondo da nosa actualidade. Pensabamos, e pensamos aínda, que o diálogo non debe ser dirixido, apenas moderado en termos de respecto, por iso nunca convidamos directamente a ningún dos centos de persoas que interviñeron na revista, achegando as súas creacións orixinais. E ese foi o maior éxito que obtivemos, dado que o ideal que inspiraba esta experiencia era a procura dunha forma de agrupamento espontáneo e flexíbel. A experiencia demostrou que a escrita sistémica non se aventura nunca ou case nunca fóra dos lugares de autoridade. E son os novos, esa seiva tan escasa e valiosa, e o traballo amador das xentes do común quen constrúen desde abaixo e cara arriba, verso a verso, o cordel das nosas literaturas.

A independencia e a espontaneidade minimizaron a crítica literaria nas páxinas da revista e como contrapartida exploramos a poética das individualidades, tecendo unha discreta rede de afinidade. A publicación si expresou unha liña editorial, que outorgaba unha amplitude inédita á liberdade dos creadores e proclamaba a súa única filiación a prol do conflito poético co establecido, coas redes institucionais e os instrumentos de intermediación e recuperación.

Con estas pretensións, a revista poética en rede chegou a ser unha artimaña colectiva, un lugar para compartirmos sen intermediarios... ou cando menos facendo desaparecer os

<sup>34</sup> «Non é a escolla do vehículo senón a decisión de organizar a sociedade moderna arredor dun transporte de alta velocidade o que convirte á locomoción dunha actividade saudábel nunha forma insalubre de consumo.» Illich, Ivan: *Medical nemesi*, Londres: Calder & Boyars, 1974.

<sup>35</sup> No ano 1999, no que aínda mantiñamos en Internet o *Caderno de recursos poéticos A rama guinda*, este lema convidaba, desde as paredes dalgúns locais de Ferrol, a participar na revista poética en rede que xa estaba en proxecto. A pesca sen morte de *Andar21* realizárase durante un par de anos desde os cibercafés.

intermediarios. A experiencia consistía basicamente en ofrecer aos creadores un editor que trasladara as súas creacións á web, algo que requiría daquela uns medios e unhas destrezas pouco comúns<sup>36</sup>.

Hai que dicir que a irmandade da poesía foi aludida moi positivamente. E isto conferiulle certo suceso internacional ao que se dou en chamar activismo poético galego<sup>37</sup>. Esta contraetiqueta de marcado carácter autoparódico, invocaba daquela á emerxencia dun novo *pathos* de rebeldía cultural que fora quen de vehicular o entusiasmo necesario para a experimentación e a acción fóra dos centros comerciais. Un obxectivo supostamente afastado da nostalgia e esencialismo que cando menos aparentemente nos perde como cultura<sup>38</sup>.

Pois ben, esta sinxela metáfora da pretendida insurxencia poética foi toda a belixerancia que exhibimos.

Antes que nada *Andar21* quixo ser unha tentativa de conciliación da creatividade individual coa necesaria exploración de novos vieiros para a actuación colectiva. Sabiamos que o elemento creativo non pode suplantar a acción senón enriquecela, pois a creatividade permanente é unha faceta da acción. De aí a autenticidade *radical* das poéticas vivenciais fronte ao estándar da produción de consumo.

Polo demais *Andar21* non convocou reunións, non organizou recitais, nin celebrou festas. Foi por necesidade que abolimos a coordinación e a asemblea, dado que estaban fóra das nosas chaves poéticas. A cambio recibimos a enerxía de moitos amigos e amigas da poesía e, por fortuna, apenas algúns insultos e ameazas (maiormente por sermos galegos e permitírnos andar á solta).

Invocando unha vez máis á subxectividade diremos que a experiencia foi altamente satisfactoria e instrutiva. Cremos que *Andar21* levou a cabo, mentres foi o caso, un tipo de actividade entusiasta dentro do campo literario galego, a cariñosa sabotaxe dos que baixamos do monte literario.

Un compañeiro chileno contábanos hai pouco como é que o progreso non entende o xogo dos meniños mapuches que lle saen ao paso nas estradas do sur. As arriscadas carreiras dos cativos no medio dos transportes pesados envorcan algunha máquina, retardan o tránsito e permiten dar aviso ás comunidades en resistencia.

E así nos foi. Queda o consolo de que o traballo de creación sempre foi máis importante que as propias ferramentas. O xogo sempre foi o obxectivo do proceso e *Andar21.net* mantense hoxe apenas como testemuño daquela actividade.

---

36 «En 1999 a Unesco proclamou o 21 de marzo como Día Mundial da Poesía, co obxectivo de soste a diversidade dos idiomas a través da expresión poética e proporcionar información sobre actividades poéticas no mundo. Se se consulta a páxina web do organismo internacional compróbase que [entre] as numerosas referencias recollidas (web, revistas, asociacións,...), a presenza do galego redúcese á revista dixital *andar21.net*.» (*A nosa terra*, 1203).

37 O medio electrónico resultaba moi prometedor nun país que xa vivira a súa ascese nacional e literaria, o seu romanticismo e a súa modernidade, na diáspora. Un país que segue a asumir fatalmente a migración da súa xuventude como excedente demográfico, sacrificando as súas mellores forzas creativas e vitais para manter o statu quo clientelar, as verdadeiras redes sociais da Galiza. Mais aquí referímonos de maneira máis ampla a quen nos mira, desde outros países, con interese e con respecto. Nomeadamente, aos nosos irmaos e irmás do Bar do Escritor, BBK-*Bihotz Bakartien Kluba*, Grupo Palavreiros, Incomunidade, *Las filigranas de perder*, *Lello voce*, *poesiasalvaje.org*, *Proyecto Vercial*, *Jornal de Poesía*, *Rede de Escritoras Brasileiras*...

38 A chegada do chapapote e a xenuína insurrección posterior taxaron o prezo da nosa descomposición actual. O Foro Negro, entre outras aventuras colectivas, escenificou o encontro dese panorama cultural galego, desa rede de resistencia. Alí prosperaron as teses dos que devecían por negociar a súa reconversión en axentes culturais, en industria, fronte ao sentir que apostaba por unha ruptura do clíxé colonial.

Que dicir do futuro das revistas literarias? Será posíbel soste a poesía na nube? Malversemos hoxe a antiga sabedoría para lembrarmos que tamén vivir é preciso. Einstein estaba convencido de que a guerra do futuro sería con paus e pedras. Daquela quizais nós poidamos aventurar que o futuro das revistas poéticas estea na oralidade (por moito que as pedras nolas sigan botando a nós).

Co horizonte posto na superación da psicoloxía da dominación, diríamos, canda Nietzsche, que nos resulta máis atractiva a partida, o movemento, a vontade de poder sobre a propia vida que a mera apropiación de espazos, de medios ou territorios.





## Montse Pena Presas

### Retrincos de tinta e *byte*: as revistas literarias galegas de crítica

A proposta que me fixo a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega de reflexionar sobre o pasado e o futuro das revistas literarias galegas dende a miña perspectiva de crítica literaria pareceume tan interesante como complexa. Interesante porque non é habitual neste tipo de encontros que o acento se poña nas revistas literarias: un instrumento de promoción e de renovación da literatura dende todas as súas perspectivas (novas autoras e autores, novas voces críticas, novas temáticas, novas tendencias estilísticas, novos aires, en definitiva). Complexa, porque o final da era Gutemberg semella ter aberto unha fenda —ata o momento de difícil escalada— sobre o futuro das publicacións en papel, que callou profundamente na industria editorial e en todos os axentes relacionados, dun ou doutro xeito, co mundo do libro. Se os condicionantes, amais, son o que son: unha cultura minorizada inmersa nun contexto de crise económica global, cuns poderes públicos que non están dispostos a investir no mantemento e reforzo do acervo propio, o porvir é aínda máis incerto. Pero tamén porque puiden comprobar que a historia das revistas literarias en Galicia é unha das grandes historias que queda por escribir. Este relatorio, lonxe de ter vocación de abarcala toda, tan só quere ser un anaquiño dela, para dende aí, incitar á reflexión. Tan só se marca, nestas páxinas, o fluír dun río, a tentativa de apuntar e adiviñar a un tempo por onde e a onde van as letras das revistas nestes tempos de cambio <sup>39</sup>. Amais, para me somerxer neste ámbito, voume permitir unha pequena licenza: ampliar o concepto de revista literaria ou cultural ao ámbito dos suplementos literarios, polo seu papel dinamizador.

#### **1. As revistas literarias impresas. Detrás, o pasado e o reto de resistir a treboada**

Tan só uns cantos anos atrás, o panorama das revistas literarias galegas impresas era ben máis vizoso que hoxe. No camiño quedan publicacións de corte xornalístico-divulgador, como *Fadamorgana* (ao coidado de Xosé A. Neira Cruz, especializada en literatura infantil e xuvenil,

---

<sup>39</sup> Este relatorio non pretende tanto ser exhaustivo e citar todas as revistas literarias de crítica en galego que existen hoxe, coma tomar algunhas como *exemplum* para poder deseñar un mapa do que está a ocorrer.

que viu a luz entre abril de 1999 e o inverno de 2007), pero tamén de corte académico, como o *Anuario de Estudos Literarios Galegos* (que se mantivo en funcionamento entre 1992 e 2007, dirixido primeiro polo finado Xoán González Millán, para coller logo o temón Dolores Vilavedra). Os motivos dos seus finais son, polo que sei, diversos, mais polo medio aparece sempre o fantasma da falta de financiamento. E é que non só a Xunta de Galicia retirou parte dos seus fondos destinados á promoción da cultura galega, senón que a crise fixo que os bancos —a través das súas recorridas fundacións— e o limitado número de empresas privadas que financiaban proxectos deste tipo, retirasen a meirande parte dos activos destinados a estes fins.

Dentro deste duro contexto, resulta practicamente unha heroicidade que se manteñan en pé publicacións como o *Boletín Galego de Literatura*, dirixido por Anxo Tarrío, centrado en literatura galega e universal, e en funcionamento dende 1989 vencellado á USC, ou *A Trabe de Ouro*, ao coidado de Xosé Luís Méndez Ferrín, imprentada dende 1990 ao abeiro da editora Sotelo Blanco e cun cariz máis amplamente cultural. Tamén está *Dorna*, a revista de poesía de longa traxectoria nacida na facultade de filoloxía da universidade compostelá alá por 1982 baixo o mando de Ramón Lorenzo. Na actualidade así continúa tras iniciar unha nova andaina en 2007, con periodicidade anual, con maior presenza da creación e menos de crítica e cunha renovación do consello de redacción<sup>40</sup>. Tampouco cómpre esquecer *Madrygal*, a revista editada polo Centro de Estudos Galegos da Universidade Complutense e comandada por Carmen Mejía que, ao longo dos seus 14 números (dende 1996), segue co seu obxectivo principal: promover a lingua e a cultura galegas. Longa vida a elas, pois.

A decana das revistas culturais galegas, *Grial*, segue resistindo dende aquel arredado 1963 no que saía á rúa por primeira vez de maneira continuada. Faino a partir do deseño de monográficos sobre cuestións concretas, sen perder as súas seccións fixas (para o que aquí me interesa, sinalarei, sobre todo “O espello das letras”), pero apostando tamén por un mercado coidado estético que a singulariza. A publicación está dispoñible en formato dixital dende o seu número 175, editado en 2007, compatibilizando así a versión en papel coa dixital<sup>41</sup>. Non obstante, *Grial* en bytes non presenta ningunha variación con respecto ao que ofrece en soporte físico. A súa aposta apunta cara a convivencia de soportes que se aveciña. Esta só perdurará en tanto que as publicacións saiban ver que, para manter esa duplicidade, cómpre que as versións acheguen elementos diferentes, que innoven, que enriquezan, que engadan.

## 2. Os suplementos literarios, resistentes: o traxecto do funambulista

Se tento agora o mundo (antes foi un universo) dos suplementos literarios, a panorámica, outrora máis vizosa, tórnase un tanto erma. A crise da prensa escrita, ou mellor, a polémica relación desta cos grandes grupos económicos e empresariais, propiciou que dous dos suplementos que máis e mellor apostaban pola literatura galega desaparecesen canda os xornais que os editaban: a *Revista das Letras* e o *Maré*<sup>42</sup>, ambos incluídos en *Galicia Hoxe* (aínda que o seu percorrido é máis longo, pois xa estaban nas páxinas da anterior cabeceira, *O Correo Galego*, dende 1991) e a cargo de Antón Lopo, con espazo para a creación —especialmente a poética— e na rúa dende 2003<sup>43</sup>, e o *Nós* de *Xornal de Galicia*, dirixido primeiro por Anxos G. Fonte e

40 O anterior consello de redacción deixou paso aos investigadores Lorena López e Mario Regueira, aínda que Ramón Lorenzo segue á fronte.

41 Isto ocorre tamén con outras publicacións (como *Madrygal*), que reproducen no seu formato dixital os contidos da súa versión en papel.

42 Chamado *AFA* na súa etapa n' *O Correo Galego*.

43 O máis sorprendente das páxinas que conformaban *Maré* (normalmente entre catro e seis) é que a súa periodicidade era diaria, algo insólito neste tipo de suplementos.

logo por Iago Martínez, con 34 números no seu haber e caracterizado polos seus interesantes especiais. Os tempos son os que son e, outrora, quen mellor resiste é o que é, hogano, o decano deste tipo de suplementos<sup>44</sup> e tamén o máis *old style*, o *Faro da Cultura* de *Faro de Vigo*. Dirixido por Xosé R. Pena e na rúa dende o 9 de maio de 2002<sup>45</sup> conta cunha periodicidade semanal e 6 páxinas dedicadas á información cultural. Dentro deste micromundo, no inverno de 2007 anos xurdía *Protexa*, vencellado á revista *Tempos Novos*<sup>46</sup>, de periodicidade trimestral e cunha ampla (e quizais a mellor) cobertura de novidades. Tamén se mantén en pé, en base ás que parecen ser as súas premisas: calidade, divulgación e profundidade. O seu temón foi levado por Xabier Cid, Iago Martínez e agora andan navegando nel Belén Puñal e Ana Salgado<sup>47</sup>.

Porén, o balance é un tanto desolador: só queda, no que vai de ano, a metade dos suplementos que existían en xaneiro. Perdas fundamentais porque son estas plataformas divulgadoras e creadoras de comunidades lectoras, porque fan e fidelizan lectorado dentro dun sistema literario que precisa, máis que nunca, de altofalantes, de verse, de berrar que existe. O percorrido destas publicacións é o traxecto do funambulista: os seus dirixentes saben que o importante é non perder pé e aguantar o equilibrio. Un equilibrio, e coído que isto é fundamental sinalalo, que só se mantén porque, como sabemos todas as persoas que participamos dun ou doutro xeito neste tipo de proxectos, quen turra do carro dunha maneira case que voluntarista na maioría das ocasións e se relaciona coa precariedade rebaixando o valor do seu traballo —que non a calidade—, somos as que, os que escribimos nas súas páxinas. Que suporía que non o fixésemos?

### 3. Eis o futuro: o espazo das revistas literarias na rede

Trazado o mapa do que había, do que hai, gustaríame deseñar o espazo que hai para o que haberá. Por unha banda, o avance do universo dixital adivíñase imparabile, tal e como demostran as cifras: máis da metade (un 54%) da poboación maior de catorce anos confésase lectora en soporte dixital, ocupando os xornais e as revistas o cuarto posto en número de lectura<sup>48</sup>. Semella evidente, entón, que o índice de persoas consideradas *lectoras dixitais* irá aumentando de maneira natural imparabilmente nos vindeiros anos. Isto sen ter en conta que as lectoras e lectores de libro dixital aínda son relativamente poucos (tan só un 6,8%), pois é de supor que cando esta cifra aumente, o lectorado dixital fidelizarase paseniñamente, buscará máis e mellor información literaria na rede. Isto implica que as revistas dixitais captarán, aínda, máis audiencia. O espazo dos *bytes* medra, amplíase, é cada vez máis sedutor. Mais, cales son as alternativas entre nós?

#### 3.1. Os satélites das revistas literarias: das primeiras tentativas á lectura social

As primeiras pedras do camiño da literatura e da crítica galega —fóra das bitácoras persoais e das revistas que combinan versión en papel e versión dixital— na rede veñen de medios dixitais que apostaron por introducir un espazo para as letras entre os seus bytes. Quedan aí as experiencias do *Cartafol de Libros* de *Vieiros*, primeiro comandado por Moisés Barcia e despois

44 Refírome a suplementos monolingües en galego ou nos que o galego ten unha importante presenza. Quedan así fóra aqueles suplementos en que a lingua ocupa un espazo simplemente residual.

45 Anteriormente o seu nome era *Faro das Letras*, xa que se centraba unicamente nas cuestións literarias. Este suplemento estivo en activo entre os anos 1993 e 1996 e foi dirixido tamén por Pena, pero nel había un comité de redacción formado por Román Raña, Ramiro Fonte, Carlos Bernárdez, Estro Montaña e Ramón Nicolás.

46 Aínda que na actualidade difundido tamén con diversos diarios.

47 *Protexa* tamén se atopa na rede, onde reproduce tal cal os seus contidos en papel.

48 Só superado por webs, diarios-blog e foros, segundo os datos do “Informe de Resultados sobre Hábitos de Lectura y Compra de Libros en España”, realizado pola Federación de Gremios de Editores de España.

por Héitor Mera, en funcionamento durante seis anos<sup>49</sup> nos que as novidades xogaron un papel fundamental. O *Cartafol* foi un fito, xa que constituíu o primeiro espazo en que os lectores e lectoras podían comentar as recensións e participar do diálogo coas voces críticas. Isto, que sen dúbida pode verse coma unha vantaxe, constituíu tamén unha chata, xa que foi un espazo posto en solfa debido á dureza dalgúns comentarios —que se agochaban na comodidade do anonimato— e á ausencia de xestión dos mesmos.

A web *culturagalega.org* (dependente do Consello da Cultura Galego), baixo o seu selo *lg3*, confinado á información literaria (premios, certames, novas...) segue a gardar tamén un espazo para a crítica de obras. Xestionado por Santiago Montes, *lg3* publica recensións de novidades dende 2003 e ten sido espazo para a creación, como amosan as colaboracións de Anxos Sumai ou Xavier Queipo, entre outros. Na actualidade, é un dos poucos espazos globais fixos na rede con que conta a crítica galega divulgativa<sup>50</sup>, quizais porque este oco vén sendo ocupado polas bitácoras persoais de voces como Ramón Nicolas, Armando Requeixo, etc. *lg3*, na súa páxina de presentación, autodefínese a un tempo como «soportal de literatura» e como unha «revista virtual». Pola súa estética e o seu deseño, mais tamén porque a súa información principal só se circunscribe a novidades editoriais, noticias e críticas, parece adherirse máis á primeira etiqueta que se apón que á segunda.

Nos últimos tempos, a sociedade literaria galega tamén asistiu ao nacemento de páxinas variadas que facilitan información literaria e que se fundamentan na proxección dunha lectura que aposta polo social. Eis o caso de *Fervenzas Literarias*, centrada na divulgación (a través de novidades, entrevistas a autores e mesmo un espazo para a infancia e a mocidade, así como compilacións de recensións publicadas noutros medios) ou de *Redelibros*, concibida como unha rede social de comunicación entre lectores e lectoras galegos co apoio de librarías, entidades e editoras. É ese o seu grande triunfo, a posibilidade de intercomunicar aos amantes dos libros en Galicia que permite ata conseguir libros de balde, pero que sobre todo comeza a formular —pois ata o momento a súa participación non é excesivamente alta— a creación dunha cibercomunidade lectora, como antes ningún medio fixera. Pero amais, nun contexto en que as redes virtuais mandan, calquera diario-blog, web ou rede social pode converterse nun punto de prescrición de libros (Celaya 2011). *Redelibros* tamén cumpre esta función. E cada vez máis editoras e librarías decatáranse disto e acabarán participando da parte da torta que lles tocaría se esta aposta sae ben.

### 3.2. E as revistas propiamente ditas: u-las?

Mais, que hai das revistas literarias, propiamente ditas, que inclúen crítica e que non teñen versión en papel? Están dando pasos cara a era dixital, que xa está aí? Polo momento as únicas revistas literarias de crítica unicamente en rede xurdiron nas viñas da Academia. A primeira veu pola parte de *Galicia 21. Journal of Galician Studies*, unha publicación de coidada estética pulada por Craig Patterson e Helena Miguélez Carballeira. O primeiro número saíu en 2009 e definiu en grande medida o que ía ser a revista: unha aposta pola internacionalización dos estudos galegos tomando como base de impacto o mundo anglófono (non por acaso, galego e inglés son as linguas da publicación) e como altofalantes os centros de estudos galegos no mundo. O seu obxectivo é tamén duplo, como se explica na carta de presentación asinada polos editores: dar voz e visión a novas voces da crítica académica galega e deixar os eidos dos estudos sociohistóricos e estruturalistas para camiñar polos estudos de xénero, poscoloniais e de globalización. O seu

49 Concretamente dende o 29 de outubro de 2004 ata o 21 de xaneiro de 2010, cando se publica a última crítica.

50 Publica entre 20 e 40 recensións anuais.

impacto entre nós está aínda por ver, mais se no mundo dos académicos —que é onde realmente busca o seu espazo e o seu público— xa conta cun oco (a periodicidade vindeira dirá o demais), a súa pegada na sociedade lectora é, evidentemente, moito máis limitada.

Con outro espírito, aínda que xurdida tamén ao abeiro de *Academo*, naceu nos últimos tempos *Revista de Poesía*. Concibida baixo o manto do Grupo Alea de Análise Poética, liderado por Arturo Casas, alicerzada pola web e polo proxecto de *poesiagalega.org*, a publicación busca tamén a complicidade dos novos investigadores, ten un toque máis divulgativo ca a anterior e combina artigos e reseñas, con comentarios de poemas por parte de creadores e con entrevistas. A coordinación corre ao cargo de María do Cebreiro Rábade, se ben o consello de redacción está formado por María López Sánchez, Margarita García Candeira e por min mesma. A aposta polo deseño volve ser, da mesma maneira ca no caso anterior, moi importante: así o transmite a coidada proposta visual de Nadina Bértolo. De novo a súa recente publicación (ocorrida aínda na primeira parte deste ano, polo que só hai un número na rúa) impide adiviñar o calado que acadará no futuro.

#### 4. Máis futuro: entre as realidades e as predicións

Tras deseñar esta constelación de revistas literarias (insisto en que me estou a referir ás que inclúen crítica), algo semella claro da banda das realidades:

Os proxectos en papel de revistas literarias propiamente ditas mingúan debido á falta de financiamento. Desta maneira, tenden a resistir as publicacións que contan cun marcado apoio institucional, como o *Boletín Galego de Literatura*, *Dorna* ou *Madrygal*, se ben os tempos tampouco se presentan axeitados para que estas publicacións non estean alerta, tal e como veñen marcadas as cartas da economía e da política. Igualmente, os suplementos literarios vencellados a xornais descenderon drasticamente, de novo como consecuencia da crise económica. Os que subsisten fano abaratando custes, principalmente rebaixando (se non eliminando) o valor do traballo de quen escribe nas súas páxinas.

As iniciativas literarias na rede van en aumento, pero sobre todo en forma de comunidades lectoras máis ou menos pechadas. O futuro das revistas propiamente ditas é aínda sumamente incerto, xa que as dúas iniciativas encetadas non contan cunha longa e consolidade bagaxe. Isto significa que a aposta pola creación e pola crítica literaria conxunta en rede aínda se atopa nun estadio moi primario no marco da cultura galega.

Neste panorama, por onde pasa o futuro? Cal é a aposta que podería facer a sociedade literaria galega? Para min existe un nicho ecolóxico aínda sen explorar entre nós: xuntar esforzos en torno a unha revista en rede que cinguíse creación e crítica divulgativa, de xeito que servise para reunir aos diferentes axentes da literatura galega cunha dupla vocación. Por unha banda crear lectores e lectoras e fidelizar aos que xa hai, pola outra expandir fronteiras, cruzalas, saltalas, sumar pasando a Fonsagrada e Verín, tentar ser internacionalistas. Dende esta miña predición, son partidaria tamén de avogar por crear uns contidos especialmente pensados para a rede (é evidente que non é o mesmo ler na pantalla que no papel), por apostar por un deseño coidado —adoita suceder que os que amamos as letras tamén gustamos da estética do produto en que lemos— e por non desprezar o lectorado de fronteira <sup>51</sup> (que amais está máis familiarizado co dixital). Xa me teño referido noutras ocasións a que o perfil do lector e da lectora galega é case un misterio

51 Refrome aos lectores e lectoras adolescentes, cunha bagaxe literaria considerable, que se atopan entre saír da etapa de lectorado de formación e pasar a unha lectura máis complexa.

e unha ten a certeza de que quen le somos autoras, críticos e profesores. A filoloxización da lectura e de todo o proceso literario, como lle chamou Antón Figueroa. Cómpre saír de aí e embarcarnos na aventura de expandir. O traxecto é complexo, mais paga a pena.

Con este obxectivo, esta revista literaria en rede do futuro cómpre que non desprece xéneros ás veces deostados: o misterio, a ciencia-ficción, a novela negra... Isto non quere dicir que non se potencien outras lecturas máis complexas, de maior calidade e fondura, e que se esquezan os chamados xéneros minoritarios ou que non se faciliten recursos das chamadas lecturas formadoras. Ao contrario, tamén estarán aí. Pero se se despreza ese ámbito literario máis comercial e/ou accesible, irásenos o lectorado de fronteira e, con el, tamén a potencialidade dunha verdadeira comunidade lectora *enredada*. Porque a partir desa revista literaria en rede poderíanse crear *fan communities*, as destinadas a encher ocos dos libros que seguen, de reescribir á historia e, dende aí, xerar metatextos<sup>52</sup>. E a quen non lle apetece saber que foi do Felipe de Amancia de Cunqueiro, soñar as cancións preferidas do Milhomes de Blanco Amor ou indagar porque a mansión de *Cartas de inverno* de Fernández Paz estaba enmeigada? É unha utopía, si. Pero xa o dixo Eduardo Galeano: a utopía serve para camiñar.

Algo está claro, o futuro inmediato pasa pola convivencia entre o papel e o *byte*. E o futuro a longo prazo, polo menos da promoción, da literatura galega ten un oco fundamental na rede, como se desprende das palabras de Javier Celaya ao fío das consecuencias da irrupción no mercado estatal das grandes tendas *online*, ás que lles apón non só o enriquecemento da oferta, senón tamén a oportunidade de que o lectorado acceda a buscadores semánticos, sistemas de recomendación de libros e á posibilidade de compartir lecturas con outros. De aí a importancia de crear unha cibercomunidad lectora importante que comparta valoracións, pero de aí tamén a importancia do papel da crítica para convidar a certas lecturas, porque nesta nova era que se abre a información é tanta que semella que resistirá non quen faga máis ruído, senón quen o faga mellor.

---

52 Usamos o termo no sentido en que o fai Hellekson 2009 (*apud* McLaughlan 2011): *To engage [with the original text] is to click, read, comment, write, make up a song and sing it; to hotlink, to create a video, to be invited to move on, to come over here or go over there—to become part of a larger metatext... The metatext thus created has something to say, sometimes critical things, about the media source, but for those of us who engage in it, it has even more to say about ourselves.*

## **Bibliografía**

**Celaya**, Javier (2011). “Libros sin fronteras”. *Babelia* (El País) 1032 (3-9-2011): 2.

**McLaughlan**, Paul (2011). “Icky Theory: Metatexts and Ergodic Literature”. Disponible en:  
<http://platformthing.com/2011/08/12/theory-metatext-ergodic/>  
[Último acceso 09/09/2011]



